

## A COLECCIÓN DE BONECOS DO INSTITUTO DO TEATRO DE BARCELONA

**Ana Vázquez Estévez**  
Xefe da biblioteca e Arquivo do  
Instituto do Teatro de Barcelona

Das marionetas e dos bonecos articulados téñse noticias (da súa existencia) dende moi lonxe no tempo. Podémosos remontar a Exipto, Grecia e Roma. Sábese que nas dinastías faraónicas de Exipto xa utilizaban bonecos articulados. No museo do Louvre, por exemplo, expónse una boneca exipcia cun garfo na cabeza para recibir o fío que ha suxetaba.

Na Edade Media naceu a marioneta nas igrexas coma na época antiga nacera nos templos... Coñécese, tamén, o feito de que se escribiron textos para ser representados polas marionetas conventuais, ou sexa que rexurde o boneco da man da relixión.

Na igrexa cristiá a tradición dos bonecos animados nace cando os sacerdotes ordenaron representacións evocadoras do Misterio do Nadal ademáis doutras escenas da Historia Sagrada.

Do teatro catalán conservado dende o século XIV ate ó XIX, practicamente todo el de carácter relixioso, as obras representa-



Guinovart. Home. Foto: Pep Parer.

das pertencen ós misterios do Nadal, da Paixón, ou textos do Antigo e do Novo Testamento. A partir do século XVIII abundan textos "dels pastorets", dramas nadalencos dedicados ós nenos.

Encol dos títeres de Cataluña existen importantes investigadores coma Rafael Amat, Joan Amades ou John Varey, entre outros, que contribuíron no seu estudo e difusión

Segundo conta Joan Amades, dispois dunha forte persecución do teatro de títeres en Barcelona polo ano 1844 xurdiu unhas anos máis tarde, unha gran aceptación deste teatro enlazando cá tradición popular representá banse obras serias e cómicas. Moitas veces as pezas estaban escritas polos mesmos "titellaires" para ser postas en escena por eles mesmos. As obríñas para bonecos no século XIX eran sempre en catalán e tamén algunhas delas bilingües, ou polo menos, un dos persoeiros falaba de tal xeito que castellanizaba os seus parlamentos.

Houbo en Cataluña diversos locais dedicados ó teatro de títeres, tamén foi moi popular o costume de facer representacións no medio dun parque ou nas prazas públicas asistindo gran cantidade de nenos acompañados polos seus pais.

A enumeración de creadores de títeres na tradición catalana dende fai século e medio ata os nosos días sería extensísima. Iste feito fai que eu me limite a citar por orde cronolóxica algúns dos máis importantes, e, tan só daqueles, dos que o Instituto do Teatro conserva materiais no seu arquivo:

**Juli Pi , a familia Anglés, , Sebastià Vergés, Ezequiel Vigués “Didó”, J.H. Tozer, Ingebörg, Josep Guinovart, Hermanos Roca.**

De todos eles consérvase algunha peza no Arquivo do Instituto do Teatro de Barcelona, e a maior parte das coleccións son bastante completas.

### **JULI PI.**

Do titiriteiro Juli Pi que naceu en Figueras no ano 1853, e faleceu no 1920, consérvase no arquivo teatral do Instituto do Teatro, tan só un boneco que utilizaba nas súas representacións a finais do século XIX.

Juli Pi empezou no mundo do teatro dos bonecos cando aínda non era nin tan xiquerra adolescente. Acadou a fama a raíz de traballar no local chamado “Els Quatre Gats” onde se fixo contertulio e amigo de Pablo Picasso, Santiago Rusiñol, Ramón Casas e outros intelectuais e artistas do momento barcelonés. Actuou cinco anos no local dos “Quatre Gats”. Cando pechou o local boutizou con iste nome o seu teatriño co que representou títeres por toda Cataluña. Nos darreiros anos da súa vida fixo sesións infatís no “Turó Park” sendo moi populares entre nenos e adultos.

O boneco que se conserva é de finais do século XIX, construído en madeira, e por certo, bastante estragado polo tempo.

### **FAMILIA ANGLÉS:**

O primeiro membro da familia Anglés que empezou a dedicarse ó teatro de bonecos foi, no ano 1873, Jaime Anglés i Pallejà. Os bonecos que cos que traballou consérvanse no Instituto do Teatro formando parte da excelente colección de bonecos de guante, construídos en diferentes materiais coma a madeira, cartón, papel, e cromados a maioría deles.

De Jaime Anglés i Pallejà, gárdase, por exemplo, unha preciosa cabeza de muller con ollos de vidro incustrados, boneco que utilizou ata o ano 1900.

No ano 1899 mandou tallar unha serie de cabezas para novos bonecos, tamén ca característica dos ollos incustrados. Trece distes bonecos consérvanse no noso arquivo.

Coma compañía comenzou a existir a partir do 1902. Representou sobre todo óperas e dramas. Jaime Anglés fixo de director da compañía fundada por el ata ó ano 1919 que faleceu.

A morte de Jaime Anglés i Pallejà continuou ca compañía o seu fillo Jaume Anglés i Vilaplana , nado no ano de 1885, que a marxen de traballar co seu pai colaboraba tamén con Juli Pi. Seguen a estrenar obras para títeres, adaptacións de melodramas de éxito, etc...

En 1911 collen coma discípulo ó titeriteiro Verges. No ano 1921 traballan nunha coñecida Galería de arte, chamada Sala Regi, nela representan obras de Ignasi Iglesias, Santiago Rusiñol, Avelí Artis, ...

O terceiro representante da familia Anglés foi Jaume Anglés i Guzmán que fixo algunhas innovacións nos argumentos e no ano 1955 inaugurou un teatro de títeres ó aire libre no “Turó Park” (un parque de dimensións reducidas ubicado na parte alta da cidade de Barcelona). Gracias o interese da familia Anglés consérváronse moitos , boa parte da historia dos títeres catalans pódese seguir gracias os bonecos mercados polos Anglés.

No ano 1943 nace Jaume Anglés i Vergara e dous anos máis tarde Josep Anglés i Vergara que siguen ca tradición familiar ata

os anos "80".

Da colección da familia Anglés gardanse no arquivo do Instituto 67 bonecos dos que poideramos sobresaír as populares figuras da meiga, o demo, pallasos, polichinelas, cabezas de homes e de mulleres...

### SEBASTIÀ VERGÉS I PRATS

Debutou no ano 1911 na compañía de Jaume Anglés i Vilaplana. Polo ano 1920 creou a súa propia compañía mercando os bonecos a outros profesionais xa retirados iste detalle impide datar a antigüidade das súas pezas.

No arquivo do Instituto do Teatro consérvanse dúas cabezas dos bonecos da familia Vergés que pertencen ó típico títere catalán, feito en madeira con tres buratos para colocar os tres dedos para o seu manexo.

Desta colección chegaron ata nos 6 bonecos: 6 cabezas de home.



Dido. Pallaso. Foto: Pep Parer

### EZEQUIEL VIGUÉS "DIDÓ"

Outro importante titiriteiro do que se gardan bonecos, é Ezequiel Vigués "Didó", naceu en Terrassa no 1880 e faleceu no 1960 en Barcelona. Foi ó máis popular en Cataluña do segundo tercio do século XX. No ano 1932 actuou por primeira vez no local dels "Quatre Gats" e consideraselle o continuador de Juli Pi.

Logra abrir un teatriño na Avenida da Luz barcelonesa. Percorre toda Cataluña cos seus bonecos e é convidado a participar en festivais extranxeiros chegando a ter gran sona fora das nosas fornteiros.

A súa morte, Teresa Riera, compañeira na vida e tamén colaboradora no mundo do teatro de bonecos, fixo donación o Centro de Documentación Teatral do Instituto do Teatro de todos os materiais da súa compañía, bonecos, textos de obriñas manuscritas, unhas propias e outras adaptadas para o teatro de bonecos, indumentaria dos mesmos, o teatriño co que actuaba. Material que enriqueceu considerablemente o arquivo xa existente.

A colección "Dido", é unha das máis completas, componse de 130 bonecos cunha moi variada indumentaria e mai-lo o teatriño, coma comentei máis enriba, co que percorría toda Cataluña cas súas representacións.


Distes 130 bonecos atopamos representados case tódolos personaxes da sociedade: O rei, a raíña, a nobreza, o xitano, o pallaso, o ladrón, meigallos, nenos, homes, mulleres, algúns animais coma o lobo, o coello, o león, o gato ou un can.

### HARRY V. TOZER

Unha colección única, chea de arte e imaxinación é a de Harry V. Tozer, naceu de pais ingleses en Villa Rica, no Paraguai, ano 1902.

Dende neno interesóuse polo mundo das marionetas. No ano 1925 por cuestións de traballo veu a Barcelona, onde se instalou e pasou a guerra civil. Mais non é, ata o ano 1934 que se dedica a creación de marionetas despois de entrar en contacto ca publicación norteamericana *Puppetry* na que colaborou na sección española.

No 1936 xa tiña arematadas dúas marionetas de 35 centímetros e sete de 45 centímetros para representar a comedia "Las habichuelas mágicas". Mais non foi ata o ano 1944 cando comenzou a actuar ca compañía creada por ele que se chamou "Marionetas de Barcelona".



H. V. Tozer. *Panchita*. Foto: Pep Parer

H.V. Tozer gracias os contactos ca entidade: “Fomento de la Artes Decorativas” e tamén a Luis Fontanet logrou formar unha agrupación autónoma da entidade enriba citada. Por varios problemas foi variando de locais. A temporada que tuvo máis éxito foi a do ano 1955 na que se chegaron a esgotar as entradas nunha representación que dedicou ós marqueses de Lozoya no local da Cúpula do Coliseum barcelonés.

Polos comenzos dos anos “70” chegou a un acordo ca Diputación de Barcelona por medio do Director do Instituto do Teatro daqueles tempos, Herman Bonnin, e Tozer depositou tódalas súas marionetas, atrezzo e teatriño, no arquivo da nosa institución onde se conservan actualmente.

Tamén impartiu clases no Instituto do Teatro, (creando escola entre a xente nova) unha vez se creara a sección de “Títeres i Marionetes Juli Pi” gracias a creación desta sección xurdiu o “Festival de Titelles” organizado polo Instituto do Teatro, aínda vixente na actualidade, celébrase cada dous anos en Barcelona, ten a categoría de ser un dos máis coñecidos e con máis prestixio, a nivel internacional, no eido do títere.

A colección Tozer componse de 83 marionetas mai-lo atrezzo correspondente e o teatro que montaba cando facía as súas representacións, na súa darradeira época, tiveron a fortuna de asistir coma espectadora a algunhas delas. Non quixera esquece-lo feito, que ós seus 95 anos aínda se atopa entre nós cunha saúde envexabel.

As marionetas do Sr. Tozer engaiolaban ó público dun xeito moi especial pola súa perfección na feitura, nos movementos, nas cores... Destacaríase a parella de negros: Chimbo e Panchita, o Demo, o boxeador o pallaso Pompilio, a serie de Robots, ou a dos Esqueletos. Trátase de conxuntos de persoeiros para unhas obras determinadas.

## INGEBÖRG

Actuou coma titiriteira vinte anos na illa de Ibiza. Naceu en Leipzig no ano 1923.

No 1954 pouco despois de instalarse en Ibiza comprou unha casona antiga, onde xunto ó seu home que era pintor, montou un taller de marionetas ademais do teatriño ó que acudían con regularidade os nenos ibicencos para ollar os seus espectáculos.

Ingebörg inventou contos e fabricou bonecos, a ó seu retablo chamouno “Teatro de Marionetas de la Isla Blanca”, fíxose moi popular entre tódala xente que habitaba a illa, falecendo no mes de Santiago do 1976.

Da súa colección consérvanse no noso arquivo 17 bonecos que recollen figuras de homes, paisanos, cregos, unha raíña, animais como é o caso dunha serpe, un dragón, un corvo, unha foca, un moucho...

## JOSEP GUINOVART

Foi ó tempo de celebrarse o III Festival de “Titelles” de Barcelona, no ano 1975, cando por iniciativa de Joan Baixes, titiriteiro e profesor do Instituto do Teatro, e, ca colaboración da tenda chamada Populart, diferentes creadores, entre eles Josep Guinovart construíron e expuxeron paralelamente ó Festival unha serie de bonecos de guante donados, máis tarde, polos seus creadores ó arquivo do Instituto do Teatro.

Distes bonecos 5 foron creados polo pintor e escenógrafo, de moita sona, Josep Guinovart, dos que engado as correspondentes ilustracions.

O total, é de 24 bonecos, que veñen da dita iniciativa e que se conservan no noso arquivo, da maioría deles descoñécese o nome do autor. Representan, figuras de homes, mulleres, nenos, un guerreiro medie-val...

### HERMANOS ROCA.

Os "Hermanos Roca" nun pequeno artigo da revista "El heraldo artístico" do ano 1916 dicen deles "que son unos virtuosos musicales... Además, la presentación escénica de los Hermanos Roca, no tiene precedentes dentro del arte de las variedades..."

Os Roca foron formando un verdadeiro museo relacionado cas variedades, entre estes materiais atopamos, tamén, varias marionetas, complementos, vestidos, pelucas (para as mesmas), cabezas con movilidad nos ollos que utilizaban os ventrílocuos.

A totalidade de marionetas é de 13 unidades, das que resaltaría, dous cabaleiros, duas damas, un arlequín, un esqueleto, un conxunto de diversas marionetas, 4 cans, ademáis de 14 cabezas mecánicas... e outros moitos elementos en relación cas variedades

que non é agora o lugar e o intre máis axeitado para citalos.

Descoñécese máis datos encol dos "Hermanos Roca" investigación que se está a facer na actualidade. O museo recopilado por eles pasou as mans dun coleccionista que ó tiña instalado na cidade de Sant Cugat non lonxe de Barcelona.

A finais do 1996, no mes de Nadal, o Instituto do Teatro no seu loábel empeño de aumenta-lo seu patrimonio documental, adquiriu esta colección única de maxia, composta por distintos e variados elementos relacionados ca materia. Aínda non está arranxado para acceso ó público, mais nun futuro non lonxano dará moito xogo para facer ex-posicións e mostras encol da maxia e das variedades.

Quixera rematar dicíndolle as persoas que teñan interese pola arte dos títeres que poden atopar unha boa, abundante e específica bibliografía na nosa Biblioteca ademáis dun Arquivo cun fondo moi rico é único en número e calidade documental coma penso que queda reflexado nestas liñas, aínda que dun xeito un tanto resumido por razóns obvias.

Barcelona, setembro, 1997



Hnos. Roca. Conxunto. Foto: Pep Parer

# XÉNESE DO THESAURUS DAS ARTES DO ESPECTÁCULO DO INSTITUTO DO TEATRO DE BARCELONA

**Ana Vázquez Estévez**

Xefe do Departamento de Documentación do Instituto do Teatro de Barcelona

A biblioteca Sedó adquirida pola Diputación de Barcelona no ano 1968 e adscrita ó Instituto do Teatro, dispoñía, tan só, para a súa descrición catalográfica, dun catálogo alfabético de autores e dun catálogo dicionario de títulos.

Unha vez inaugurada o 23 de abril do ano 1969 no Palau Güell e aberta ó público, vímonos na imperante necesidade de elaborar un catálogo de materias ca finalidade de que a consulta da biblioteca resultara moito máis operativa. Este catálogo foise formando ca axuda dun catálogo auxiliar chamado “de conceptos” no que se ían gardando os termos novos que non tiñan unha entidade suficientemente importante coma para formar parte dunha materia.

Cando o volumen bibliográfico dese tema considerábase significativo abríase unha entrada propia no catálogo de materias. P. e. **Happening**: coménzouse a recoller infor-



mación polos anos “70” cun par de pequenos estudos ata que se consolidou coma unha materia cun número, xa, considerable de bibliografía.

Ca finalidade de sistematizar os criterios, co paso dos anos, creóuse, tamén a necesidade de elaborar unha lista de descritores, lista post-coordinada que partía do catálogo alfabético de materias e que, xa, establece relacións asociativas do termo relacionado co : V.T. -véxase tamén- relacións de equivalencia co: V. -véxase- e notas explicativas de utilización ou alcance dos descritores.

## O thesaurus das artes do espectáculo.

Cos avances informáticos e diante a aposta de futuro pola automatización do fondo bibliográfico e documental chegou o momento e naceu a necesidade de pasar o listado alfabético de descritores a outro vocabulario moito máis controlado no que as relacións entre os termos tanto semánticas coma sintácticas, estiveran establecidas.

Descartáronse outros thesaurus multidisciplinares que non profundizaban no noso

terreo temático. Tivemos noticia, despois de moito investigar, do único thesaurus especializado nas artes do espectáculo, que existía daquela, elaborado polo Nederlands Instituut ano de 1992: Theaterthesaurus.

Fixóse traducir, aínda que resultou ser moi local, de tal xeito que se chegou a conclusión de realizar e confeccionar un propio en lingua catalana coa intención de traducilo máis tarde ó castelán. Este thesaurus do Instituto do Teatro recolle as artes escénicas ademais dos campos afines ou paralelos.

Formóuse un equipo de traballo composto por:

-Tres bibliotecarias-documentalistas do Departamento de Documentación do Instituto do Teatro:

Ana Vázquez Estévez, xefe do Departamento de Documentación; Carmen Cases, bibliotecaria da biblioteca das escolas do Instituto do Teatro; Carmen Sáez, bibliotecaria responsable do sistema informático VTLS.

-Profesores do Instituto do Teatro, expertos nas diversas especialidades das artes escénicas.

-Colaboradores externos :

Dramaturgos e historiadores do teatro coma Guillem-Jordi Graells e Jaume Melenres, que ó revisaron de forma global.

-Expertos noutros campos relacionados coma o **TERMCAT** que levou a cabo unha primeira corrección sintáctica e semántica da lingua catalana, etc.

### O programa xestor do thesaurus.

Este punto redactóuse cá colaboración especial da Carmen Sáez, bibliotecaria do sistema informático, citada máis arriba:

Para a construción do thesaurus utilizóuse o programa BEAT versión 0.9 deseñado por Josep Sau para o Programa Informática Educativa do Departamento de Ensino da Generalitat de Cataluña. Trátase dun programa en diferentes linguas do dominio público sen ningún xeito de protección contra copias e pode ser distribuído libremente sen coste algún.

Sun principio BEAT desenrolouse para facilitar a elaboración do thesaurus interdisciplinar de SINERA, base de datos dos recursos educativos que mantén o Programa de Informática Educativa. As súas características principais son:

-Definir un thesaurus e actualizar inter-

ractivamente cada un dos elementos que ó compoñen: termos, relacións semánticas entre eles ou notas explicativas.

-Incorporadas as relacións semánticas entre termos definidos

pola normas ISO: BT o TA ( Broder Term ou Termo amplo ), NT o TE ( Narrow Term ou Termo específico), RT o TR (Related Term ou Termo Relacionado) UF ou EP (Use for ou empleado por)

-Permite asociar unha nota explicativa (EN) a cada término para comentar en texto libre o seu significado exacto ou ben o seu uso.

-Verifica a coherencia de calquer modificación nos termos ou nas relacións e crea automaticamente as relacións inversas.

Permite consultar interactivamente os termos seguindo a secuencia alfabética ou navegando pola rede de relacións semánticas. Proporciona a busca de termos a partir

das palabras clave e delimitar os tipos de relacións visibles nun determinado momento da consulta.

-Pode xenerar listados en diferentes formatos que se envían a ficheiros de texto que poden editarse ou imprimí-los posteriormente cun procesador de textos convencional.

-Os listados poden ser globales ou acotados segundo diferentes criterios: rango alfabético, tipo de relacións visibles, tipo de relacións definidas, presenza de palabras clave, lista permutada ou KWIC (Keywords-in-context), lista por rotación de palabras claves e outras.

-Controla o acceso ás funcións de modificación do thesaurus, reservadas ós usuarios autorizados por unha palabra de paso ou contrasinal.

-Permite facer un seguimento das operacións efectuadas e dos erros xenerados durante cada sesión de traballo nun ficheiro diario.

-Incorpora funcións de acceso e navegación polos directorios do disco e localiza, elimina ou visualiza ficheiros.

-Permite acceder ós termos e realizar listados alfabéticos.

### **Metodoloxía de traballo**

Para a súa elaboración seguíuse a metodoloxía indicada polas normas internacionais ISO e as liñas que marca a UNESCO ademais da bibliografía consultada que se adxunta.

Aceptóuse unha sintaxe pre-coordinada partindo da tradución do thesaurus holandés e ó mesmo tempo, post-coordinada entre termos principais ou encabezamentos -listas de materias- secundarias ou subencabezamentos -listas de materias- e auxiliares ou subdivisións.

As sesións de traballo empezaron ca distribución a cada profesor especialista da parte xerárquica holandesa da súa especialidade para que ampliaran ou modificaran a estrutura xerárquica e os termos principais introducidos.

Cando, cada profesor finalizaba a súa parte correspondente, faciáanse reunións de traballo paralelas entre as bibliotecarias-documentalistas e cada profesor e discutíase a parte traballada.

Unha vez consensuada esa parte introducíase no programa e así sucesivamente, tódalas especialidades tratadas.

Traballados tódolos aspectos temáticos do thesaurus, distribuíuse enteiro, entre os especialistas que colaboraron para que tiveran unha visión global e podesen traballar tódalas posibles relacións entre os termos da súa especialidade e o resto.

Unha primeira redacción enviouse ó TERMCAT organismo que colabora na redacción semántica e sintáctica dos termos.

### **Estado actual.**

Todo este proxecto e elaboración levóuse a cabo durante os anos 1994/1995, debido ós múltiples problemas entre eles o traslado da biblioteca do Palau Güell ás dependencias actuais da rúa dos Almogávares, a informatización preferencial que se concedeu ás bibliotecas das escolas de Teatro que dependen do Instituto do Teatro - a propia biblioteca das escolas de Barcelona, Terrassa e Vic- fixo que quedase interrompido durante dous longos anos.

A principios do 1998 retomouse de novo a revisión última concretando, fixando e definindo os termos secundarios e auxiliares a súa aplicación e sintaxe cos termos principais. P.e.: Espectáculo-Socioloxía ou Socioloxía do espectáculo.

Para esta derradeira fase seguíuse as *Subject headings da Library of Congress*, de tal xeito que o thesaurus resultou ser feito e máis próximo a un índice de materias.

Tamén quero recordar que nesta fase final incorporáronse dúas bibliotecarias documentalistas, da área documentos non bibliográficos, Carmen Carreño e das publicacións periódicas Begoña Álvarez, xa que, o thesaurus aplicarase a todo ó fondo docu-



mental bibliográfico e tamén para os fondos especiais non bibliográficos.

No mes de setembro do ano 1998 diú-se por rematada a revisión final e iniciouse a aplicación do thesaurus coma proba piloto dando-ó xa coma defintivo pero non pechado, xa que, sempre estará en proceso de revisión coma sucede con tódolos thesaurus.

Está prevista unha posible publicación e a tradución do catalán ó castelán para que sexa de utilidade a outras institucións nacionais ou estranxeiras

### Cooperación con outras institucións.

Dende os anos "80" o Instituto do Teatro forma parte activa do grupo de bibliotecas de arte de Cataluña e participa nos encontros anuais con outras bibliotecas que engloban todo xeito de centros relacionados ca arte en España e Portugal.

Os obxetivos son :

Intercambiar listados totais ou parciais, alfabéticos, de termos / conceptos.

Existe o proxecto de futuro de crear un thesaurus colectivo nas tres linguas da Península que participan nestes encontros - castelán, catalán e galaico-portugués- sobre Bellas Artes, Artes do espectáculo e Arquitectura.

**Bibliografía consultada para a elaboración do Thesaurus.**




Foto: Ros Rivas

### Bibliografía lexicográfica

Alcover, Antoni M.; Moll, Francesc de B. *Diccionari català-valencià-balear*. Palma de Mallorca: Imp. de Mn. Alcover, 1930-1962. 10 v.

*Diccionari català-castellà*. Barcelona: Enciclopedia Catalana, 1992.

*Diccionari de llengua catalana*. 6a. de. Barcelona: Enciclopedia Catalana, 1987.

Fabra, Pompeu. *Diccionari general de la llengua catalana*. 29a de. Barcelona: Edhasa, 1993.

Federació Internacional d'Associacions de Bibliotecaris i de Biblioteques. ISBD (NBM) : *descripció bibliogràfica normalitzada internacional per a documents no-llibre*. Barcelona: Institut Català de Bibliografia, 1988.

*Gran Enciclopèdia Catalana*. 2a. de. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 1986-1989. 24v.

*Manual del CATMARC*. 2a. de., rev. i augm. Barcelona: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya, 1992.

Moliner, María. *Diccionario de uso del español*. Madrid:Gredos, 1991.2v. (Biblioteca románica hispánica:5)

### Bibliografía metodoloxica.

Aitchison, Jean. *Tesauro de la Unesco*. Paris: UNESCO, 1984.2v.

Currás, Emilia. *Thesaurus: lenguajes terminológicos*. Madrid:Paraninfo, 1991.

*Curso sobre lenguajes de indización. Construcción de tesauros.* Buenos Aires: UNESCO-CAICYT, 1981.

ISO. *Documentation principes directeurs pour l'établissement et le développement des thesaurus monolingues: norme internationale ISO-2788/1974.* Genève. ISO, 1974.

Sebastià, Montserrat. *Thesaurus d'història social de la dona.* Barcelona: Comissió Interdepartamental de la Promoció de la Dona, 1988.

UNESCO; UNISIST. *Directrices para el establecimiento y desarrollo de tesauros monolingües.* 2a. de. rev. Paris: UNESCO, 1984.

### Bibliografía terminológica

*Anatomia del teatro.* Firenze: La Casa Usher, 1983.

Aslan, Odette. *El actor en el siglo XX.* Barcelona: G.G., 1079

Berthold, Margot. *Historia social del teatro.* Madrid: Guadarrama, 1974

*The Cambridge guide to world theatre.* Cambridge: Cambridge University Press, 1988.

CDU *Clasificación Decimal Universal: edición abreviada española.* 6a. de. Madrid: AENOR, 1991.

Corvin, Michel. *Dictionnaire encyclopédique du théâtre.* Paris: Bordas, 1991

Candé, Roland de. *Diccionario de la música.* Barcelona: Ed. 62, 1982.

*Enciclopedia Britannica. Propaedia Outline of Knowledge: guide to the Britannica.* 15 th de. London: Enciclopedia Britannica, 1991.

*Enciclopedia dello spettacolo.* Roma: Le Meschere, 1954-1962. 9v.

*Library of Congress. Subject headings.* 16th de. Washington: Library of Congress, 1993. 4 v.

*Llista d'encapçalaments de matèria en català.* Barcelona: Institut Català de Bibliografia, 1988.

*El maravilloso mundo del circo.* Madrid: Nova, 1979

Marchán, Simón. *Del arte objectual al arte del concepto.* Madrid: Akal, 1986.

*Les Marionettes.* Paris: Bordas, 1982.

Menear, Paulina; Hawkins, Terry. *Stage management and theatre administration.* Oxford: Phaidon, 1988.

Michels, Ulrich. *Atlas de música.* Madrid: Alianza, 1992.

*Nederlands Theater Instituut. "Theaterthesaurus".* Amsterdam: Nederlands Theater Instituut, 1992.

Pavis, Patrice. *Diccionario del teatro: dramaturgia, estética, semiología.* Barcelona: Paidós, 1984.

Portillo, Rafael; Casado, Jesús. *Abecedario del teatro.* 2a de. corr. y aum. Sevilla: Centro Andaluz de Teatro, 1992.

*Les publics les grands salles polyvalentes.* Paris: CNRS, 1991

Reid, Francis. *Administración teatral.* Sevilla. Centro Andaluz de Teatro, 1990.

*Theatre words: an international vocabulary in nine languages.* Jönköping: Nordic Theatre Union, 1988.

*Curso sobre lenguajes de indización. Construcción de tesauros.* Buenos Aires: UNESCO-CAICYT, 1981.

ISO. *Documentation principes directeurs pour l'établissement et le développement des thesaurus monolingues: norme internationale ISO-2788/1974.* Genève. ISO, 1974.

Sebastià, Montserrat. *Thesaurus d'història social de la dona.* Barcelona: Comissió Interdepartamental de la Promoció de la Dona, 1988.

UNESCO; UNISIST. *Directrices para el establecimiento y desarrollo de tesauros monolingües.* 2a. de. rev. Paris: UNESCO, 1984.

### Bibliografía terminológica

*Anatomia del teatro.* Firenze: La Casa Usher, 1983.

Aslan, Odette. *El actor en el siglo XX.* Barcelona: G.G., 1079

Berthold, Margot. *Historia social del teatro.* Madrid: Guadarrama, 1974

*The Cambridge guide to world theatre.* Cambridge: Cambridge University Press, 1988.

CDU *Clasificación Decimal Universal: edición abreviada española.* 6a. de. Madrid: AENOR, 1991.

Corvin, Michel. *Dictionnaire encyclopédique du théâtre.* Paris: Bordas, 1991

Candé, Roland de. *Diccionario de la música.* Barcelona: Ed. 62, 1982.

*Enciclopedia Britannica. Propaedia Outline of Knowledge: guide to the Britannica.* 15 th de. London: Enciclopedia Britannica, 1991.

*Enciclopedia dello spettacolo.* Roma: Le Meschere, 1954-1962. 9v.

*Library of Congress. Subject headings.* 16th de. Washington: Library of Congress, 1993. 4 v.

*Llista d'encapçalaments de matèria en català.* Barcelona: Institut Català de Bibliografia, 1988.

*El maravilloso mundo del circo.* Madrid: Nova, 1979

Marchán, Simón. *Del arte objectual al arte del concepto.* Madrid: Akal, 1986.

*Les Marionettes.* Paris: Bordas, 1982.

Menear, Paulina; Hawkins, Terry. *Stage management and theatre administration.* Oxford: Phaidon, 1988.

Michels, Ulrich. *Atlas de música.* Madrid: Alianza, 1992.

*Nederlands Theater Instituut. "Theaterthesaurus".* Amsterdam: Nederlands Theater Instituut, 1992.

Pavis, Patrice. *Diccionario del teatro: dramaturgia, estética, semiología.* Barcelona: Paidós, 1984.

Portillo, Rafael; Casado, Jesús. *Abecedario del teatro.* 2a de. corr. y aum. Sevilla: Centro Andaluz de Teatro, 1992.

*Les publics les grands salles polyvalentes.* Paris: CNRS, 1991

Reid, Francis. *Administración teatral.* Sevilla: Centro Andaluz de Teatro, 1990.

*Theatre words: an international vocabulary in nine languages.* Jönköping: Nordic Theatre Union, 1988.

## BIBLIOGRAFÍA DE TÉCNICAS TEATRAIS


Ana Vázquez Estévez  
Unidade de Investigación  
Do Instituto do Teatro de Barcelona

### PREVIA:

Presentamos unha selección bibliográfica das materias básicas dentro das técnicas teatrais: Escenotecnia en xeral, Luminotecnia, Maquinaria e Son. Os criterios a seguir nesta selección foron : o autor, a calidade da publicación e o ano de edición ca finalidade de que o lector ó poda adquirir, si é que está interesado, ou ben pedilo na biblioteca correspondente da súa comunidade Académica. Co mesmo propósito facilítase o número ISBN, cando consta, de cada unha das publicacións.

Referinte os autores e publicacións máis clásicas coma por exemplo J. Moynet, incorpóranse nesta selección, só cando existe unha edición facsimil ou reimpresión polo mesmo motivo da dificultade de atopalos no mercado, aínda que sempre pódese recorrer a centros especializados e pedir unha reprodución microfilmada ou fotocopiada.

Esta bibliografía está a vosa disposición no Centro de Documentación Teatral do instituto do Teatro de Barcelona e por suposto unha moito máis ampla no noso fondo histórico retrospectivo.



### ESCENOTECNIA EN XERAL

**Bellman, Willard F.**

Scene design, stage lighting, sound, costume & makeup: a scenographic approach; Willard F. Bellman. -New York: Harper & Row, c1983. -XIV, 474 p., [16] p. of plates: ill. (some col.); 29 cm. -Bibliography: p. 466-467. -Includes index. -Rev. ed. of: Scenography and stage technology. c1977. -ISBN 0060406127

Guía para el reconocimiento de competencias profesionales: Maquinaria escénica: Regiduría; FIRCTE Formación inicial y reconocimiento de competencias de los técnicos del espectáculo en vivo; Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona; Centre de Formation Professionnelle aux Techniques du Spectacle de Bagnolet; Ecole Supérieure d'Art Dramatique du Théâtre National de Strasbourg; Institut Supérieur des. -[s.l.]: [s.n.], 1999. -91 p.; 31 cm. -Edició no venal .-

Guía para el reconocimiento de competencias profesionales: Realización de ves-

tuario: Caracterización escénica: Construcción escenográfica: Utilería; FIRCTE-2 Formación inicial y reconocimiento de competencias de los técnicos del espectáculo en vivo; Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona; Centro de estudios Escénicos de Andalucí. Sevilla y Granada Centre de Formation Professionnelle aux Techniques du Spectacle de Bagnolet; Ecole Supérieur d'Art Dramatique du Théâtre National de Strasbourg; Institut Supérieur des. -[s.l.]: [s.n.], 2001. -138 p.; 31 cm. -Edició no venal.-

### **Heffner, Hubert C.**

Modern theatre practice.

Técnica teatral moderna; Hubert C. Heffner, Samuel Selden, Hunton Sellman; [traducida de la cuarta edición por Leal Rey]; [revisión, notas y glosario escenotécnico por Saulo Benavente]. -Buenos Aires: EUDEBA, cop.1968. -XV, 685 p., [32] f. de lám.: il.; 23 cm. -Manuales de Eudeba. Teatro. -Bibliografía p. 621-649. -Índex p.651-667. -Títol original: Modern Theatre Practice

1. Direcció escènica 2. Assaig (Escenificació) 3. Interpretació 4. Escenografia - Construcció 5. Escenografia 6. Il·luminació escènica 7. Sonoritzaçió. -Buenos Aires: EUDEBA, cop. 1968. -XV, 685 p., [32] f. de lám.: il.; 23 cm. -Manuales de Eudeba. Teatro. -Bibliografía p. 621-649. -Índex p.651-667. -Títol original: Modern Theatre Practice Eudeba. Teatro. -Bibliografía p. 621-649. -Índex p. 651-667 .

### **Mello, Bruno**

Trattato di scenotecnica; prospettiva teatrale; restituzioni; pratica nella pittura e nella confezione del le scene; macchineria; trucchi di palcoscenico; materiale elettrico; luministica e illuminotecnica; impianto elettronico/Bruno Mello. -[Italia]: Istituto Geografico de Agostini, 1990. -382 p.: il.; 29 cm. -Grlich. -Bibliografía p. 377-378. Índex p. 379-382. -ISBN 88-402-5698-9

### **Moynet, J.**

El Teatro del siglo XIX por dentro/de M. J. Moynet; versión española de Cecilio Navarro; presentación de JuanAntonio Hormigón; prólogo de Jesús Rubio Jiménez.

-Edició facsímil. -Madrid: Asociación de Directores de Escena de España, 1999.

-XXVIII, 286 p.; 21 cm. -Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena. Debate ; 10. -Edició facsímil de l'edició de "El Teatro por dentro: maquinaria y decoraciones" de l'any 1885 publicada a Barcelona per la Biblioteca de Maravillas. -ISBN 84-87591-87-6

1.Espai escènic -Elements 2. Il·luminació escènica 3. Escenografia pictòrica 4. Utileria 5. Teatre -Efectes especials 6.Trucatsges 7. Teatres par. -Edició facsímil.

-Madrid: Asociación de Directores de Escena de España, 1999. -XXVIII, 286 p.; 21 cm. -Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena. Debate; 10. -Edició facsímil de l'edició de "El Teatro por dentro: maquinaria y decoraciones" de l'any 1885 publicada a Barcelona per la Biblioteca de Maravillas. -ISBN 84-87591-87-6a y decoraciones" de l'any 188

### **Palmer, Richard H.**

The Lighting art: the aesthetics of stage lighting design/Richard H. Palmer. -Englewood Cliffs, N.J.: Prentice-Hall, cop.1985. -XVII, 237 p., [4] p. de lám.: il.; 25 cm.

-Bibliografía. Índex. -ISBN 0-13-501081-0

### **Palmer, Scott**

Essential guide to stage management, lighting, and sound/Scott Palmer. -London: Hodder & Stoughton, cop.2000. -VI, 234 p.: il.; 25 cm. -Índex. Bibliografía p. 226-228.

-Inclou: adreces d'interès i directori de recursos web relacionats. -ISBN 0-340-72113-8

1.Il·luminació escènica 2. Sonoritzaçió escènica 3. Escenificació -Propostes didàctiques

**Programa** de formació inicial: técnicas de las artes del espectáculo: Maquinaria escénica: Luminotecnica:Técnicas de sonido: Regiduría; FIRCTE Formación inicial y

reconocimiento de competencias de los técnicos del espectáculo en vivo; Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona; Centre de Formation Professionnelle aux Techniques du Spectacle Bagnolet; Ecole Supérieure d'Art Dramatique du Théâtre National. -[s.l.]: [s.e], 1999. -185 p.; 30 cm. -Edició no venal. -Este Programa de formación inicial é o resultado dos traballos do proxecto FIRCTE (Formación inicial e reconocimiento das competencias dos técnicos do espectáculo en vivo) desenvolto no marco do programa europeo de formación profesional Leonardo da Vinci entre dezembro do 1995 e marzo do 1999.

**Programa de formación inicial:** técnicas de las artes del espectáculo: Realización de vestuario: Caracterización escénica: Construcción escenográfica: Utilería; FIRCTE -2 Formación inicial y reconocimiento de competencias de los técnicos del espectáculo en vivo; Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona; Centro de estudios Escénicos de Andalucí. Sevilla y Granada; Centre de Formation Professionnelle aux Techniques du Spectacle Bagnolet; Ecole Supérieure d'Art Dramatique du Théâtre National. -[s.l.]: [s.e], 2001. - 222 p.; 30 cm. -Edició no venal.

### **Sweet, Harvey**

Handbook of scenery, properties, and lighting/Harvey Sweet. -2nd ed.. -Boston [etc.]: Allyn and Bacon, cop. 1995. -2 v. 269, 227 p.: il.; 28 cm. -Bibliografía. Índice. -V.1.: Scenery and Props. -V.2.: Lighting. -ISBN 0-205-14878-6 (v.1) . -ISBN 0-205-14879-4 (v.2)

### **Wagner, Fernando**

Teoría y técnica teatral/Fernando Wagner. -2a ed.. -Barcelona: Editorial Labor, 1974. -274 p.: il.; 20 cm. -Bibliografía p.267-269. -Índice. -ISBN 84-335-7904-5  
1. Interpretación 2. Dirección escénica 3. Dramaturgia 4. Estructura dramática 5. Escenificación 6. Teatre de la crueltat 7. Teatre de l'absurd.

### **White, Christine A.**

Technical theatre: a practical introduction/Christine A. White. London: Arnold New York: Oxford University Press, 2001, 150p. -Index. Bibliografía p. [139]-143. 1.técnica teatral- 2. Teatro producción e dirección.

## **LUMINOTECNIA**

### **Bentham, Frederick**

The art of stage lighting/Frederick Bentham. -3th ed. -London: Pitman House, 1980 . -361 p.: il.; 25 cm. -Theatre and stage series . -Índice p. 351-361 . -Glossari p. 336-343 . - ISBN 0-273-01544-3

### **Box, Harry C.**

Set lighting technician's handbook: film lighting equipment, practice, and electrical distribution/Harry C. Box. -Boston [etc.]: Focal Press, cop.1993. -XVI, 377 p.: il.; 24 cm. -Bibliografía. Índice . -Glossari . -ISBN 0-240-80257-8

### **Cunningham, Glen**

Stage lighting revealed:a design and execution handbook/Glen Cunningham. -Cincinnati: Betterway, cop.1993. -176 p.: il.; 28 cm.-Índice.-Glossari. -ISBN 1-55870-290-3

**Curs d'electricitat** octubre-novembre 1995: Terrassa; Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona, amb la col·laboració de Institut Superior des Techniques du Spectacle. -[Terrassa?]: Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona, [1995] . - [21] p.: il.; 30 cm . -Exercicis pràctics. -Subvencionat pel Ministerio de Cultura . -Obra escrita en català i francès

**Curs intensiu d'il.luminació** per a tècnics de teatre; [organitza el curs l'Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona en col.laboració amb l'Institut Supérieur des Techniques du Spectacle d'Avignon, i sota el patrocini del Ministerio de Cultura]. - Barcelona: Institut del Teatre, 1994. -2 v.; 30 cm

**Cursos per a tècnics** de l'espectacle; Terrassa 1996-1997 [manuscrit]. -, 1997. - 2 impresos d'ordinador: il.; 30 cm. -[v.1]: Curs d'iniciació a la teoria de la llum/Auro-ra Torrents. -[v.2]: Curs d'òptica i projectes

**L'eclairage de Scen;** [directeur de la publication: Jean Chollet]. -As, núm. 19/20 [juillet - août, septembre, 1983]. ISSN 0986-1351

### Hays, David

Light on the subject: stage lighting for directors and actors and the rest of us/David Hays; with an introduction by Peter Brook. -4th ed. -New York: Limelight, 1995. -173 p.; 22 cm. -Bibliografia p. 171-173. -Glos-sari p. 145-169. -ISBN 0-87910-126-1

### Keller, Max

Light fantastic: the art and design of stage lighting/Max Keller; compiled with the assistance of Johannes Weiss. -Munich-LondonNew York: Prestel, cop. 1999. -239 p. : il. (algunes col.) ; 31 cm. -Índex. Glos-sari. Bibliografia p. 238. -ISBN 3-7913-2162-5 (cart.) I.II•luminació escènica

### López Sáez, José Miguel

Diseño de iluminación escénica/José Miguel López Sáez. -Madrid: La Avispa, DL 2000. -140 p.: il. ; 21cm. -Punto de par-tida; 4.-Bibliografia. -ISBN 84-930968-6-5 I.II•luminació escènica

**Lumière;** [depuis la nuit des temps]; diri-gé par Nicole Czechowski. -Paris: Autrement, D.L.1991. -206 p.; 25 cm. -Mutations; 125 . -Publicació periòdica: Autrement. Serie Mutations, n° 125, novembre 1991 . -ISBN 286260-338-4

### Moreno, Juan Carlos

[Iluminación];[Juan Carlos Moreno]; [César Linares]. -Ciudad Real: aque, 1999 . -141 p.: il; 21 cm. -aque. Práctica. Cua-dernos de técnicas escénicas. -Bibliografia . -Títol extret de la coberta. -ISBN 84-89987-067-6

### Morgan, Nigel H.

Stage lighting; for theatre designers/Nigel H. Morgan. -London: Herbert Press, 1995 . -128 p.: il.; 25 cm. -Bibliografia p.125-126. Índex p.127-128. -ISBN 1-871569-71-0

### Pilbrow, Richard

Stage lighting/Richard Pilbrow; foreword by Lord Olivier; with contributions by William Bundy and John B. Read. -Revised edition. -London: Nick Hern Books, 1992. -176 p.: il.; 25 cm. -Índex. -Bibliografia p.175. -ISBN 1-85459-144-4

### Reid, Francis

Il•luminar l'escena: experiències d'un dis-senyador d'il•luminació/Francis Reid; tra-ducció de Francesc Rodellas. -Barcelona: Institut del Teatre de la Diputació de Bar-celona, 1999. -160 p.; 21 cm. -Materials pedagògics. Disseny i tecnologia de l'es-pectacle; 1. -Inclou: Glossari. -Títol origi-nal:Lighting the stage.-ISBN84-7794-627-2 1. Reid, Francis 2. Il•luminació escènica 3. Dissenyadors de llum -Gran Bretanya- S. XX

### Reid, Francis

The ABC of stage lighting/Francis Reid. -London: A & C BlackNew York: Drama Book, 1992. -129 p.: il.; 23 cm. -ISBN 0-7136-3609-2. -ISBN 0-89676-119-3

### Walters, Graham

Stage lighting: step-by-step: basic techni-ques to achieve professional results/Graham Walters. -London: A & C Black, 1997. -144 p.: il.; 26 cm. -Índex. -Glossari. -ISBN 0-7136-4639-X

## MAQUINARIA

**Curs de maquinària** teatral: novembre 1995: Terrassa; Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona, amb la col•labora-ció de Institut Superieur des Techniques du Spectacle. -[Terrassa?]: Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona, [1995]. -3 v.: il.; 30 cm. -Subvencionat pel Ministerio de Cultura. -Obra escrita en català i francès

**Curso de maquinaria** y construcción de decorados; Joan Masana i Urgeles [compilador]. -, [1999?]. -3 v.: il.; 30 cm. -Volum factici confeccionat per als cursos de Tècnics de l'Espectacle, curs 1999/2000. -Conté: V.1: Introducción teòrica.; V.2: Maquinaria teatral y montaje de decorados; V.3: Construcción de escenografías y elementos

1. Maquinària escènica 2. Ulleria 3. Escenari -Construcció 4. Escenografia -Elements 5. Escenari -Equipaments i accessoris 6. Escenografia -C. -, [1999?]. -3 v.: il.; 30 cm. -Volum factici confeccionat per als cursos de Tècnics de l'Espectacle, curs 1999/2000. -Conté: V.1: Introducción teòrica.; V.2: Maquinaria teatral y montaje de decorados; V.3: Construcción de escenografías y elementos teòrica.; V.2: Ma

**Levage scenique**; catalogue.- Lomme; Liftec Sarl, 199-¿].—31 f. Enquadernats il.; 30 cm. -Textos en an Gés i francès.

1. Maquinària escènica -Aparells i accessoris

### **López de Guereño, Javier**

Decorado y tramoya/Javier López de Guereño. -Ciudad Real: aque, 1998. -181 p.: il.; 21 cm. -aque.

Práctica. -Títol extret de la coberta. -ISBN 84-89987-06-8

1. Escenografia -Construcció 2. Escenari-Parts 3. Maquinària escènica 4. Escenari-Equipaments i accessoris 5. Trucatsges Construcció 2. Escenari -Parts 3. Maquinària escènica 4. Escenari -Equipaments i access

### **Metayer, Yann**

Le Levage et ses moyens; Yann Metayer, Gérard Rocher. -Paris: As: Irma, cop.1998. -52 p.: il.; 21 cm. -Les Mémentos du spectacle; 5. -Bibliografia. -A la part inferior dreta de la coberta: ASDEC. -ISBN 2-912017-05-X

### **Moynet, J.**

L'Envers du théâtre: machines et décorations/J. Moynet. -Genève: Minkoff Reprint,

1973. -290 p.: il.; 21 cm. -Reimpressió de la 3a edició de Paris, Librairie Hachette, 1888. -ISBN 2-8266-0121-0

## **SON**

### **Carrión Isbert, Antoni**

Diseño acústico de espacios arquitectónicos/Antoni Carrión Isbert. -Barcelona: Edicions UPC, 1998. -434 p. -Politecnos. Àrea d'arquitectura i urbanisme; 4. -Politecnos. Àrea d'arquitectura i urbanisme. -ISBN 8483012529

1. Acústica arquitectònica 2. So 3. Materials acústics 4. Teatres -Acústica i física 5. Auditoris -Acústica i física 6. AURA 7. Acústica arquitectò. -Barcelona: Edicions UPC, 1998. -434 p. -Politecnos. Àrea d'arquitectura i urbanisme; 4. -Politecnos. Àrea d'arquitectura i urbanisme. -ISBN8483012529nos. Àrea

### **Davis, Don**

Sound system engineering; Don Davis and Carolyn Davis. -2nd ed. -Boston: Focal Press, cop.1997. -665p.: il.; 26 cm. -Bibliografia. Índex. -ISBN 0-240-80305-1

### **Finelli, Patrick M.**

Sound for the stage; a technical handbook/Patrick M. Finelli. -New York: Drama Book Publishers, cop.1989. -205 p.: il.; 24 cm. -Bibliografia. Índex. -Inclou: glossari; cronologia musical i apèndixs tècnics. -ISBN 0-89676-105-5

1. Sonorització escènica 2. Sonorització -Equipaments i accessoris 3. Sonorització -Glossaris, vocabularis

### **Fortier, Denis**

La sonorisation/Denis Fortier. -Paris: Nathan/Communication, 1990. -74 p.: il.; 24 cm. -SCV Audio/Techno-Nathan. -Bibliografia p. 75. -Glossari p. 69-74. -ISBN 9-782864-794462

### **García, Moisés**

Instal·lacions de so/Moisés García. -[s.l.]: [s.n.], [1997?]. -[76] p.: il.; 30 cm. -Exem-



plar en fotocòpies. -Dossier de l'assignatura Instal·lacions de so del curs Tècniques de les arts de l'espectacle 1997/98

**Handbook for sound engineers: the new audio cyclopedia;** Glen Ballou editor. -2nd ed. -Boston [etc.]: Focal Press, 1991. -1506 p.: il.; 26 cm. -Bibliografia. Índex. -Notes . -ISBN 0-240-80331-0

**Larriba, Miguel Ángel**

Sonorización/Miguel Ángel Larriba.- Ciudad Real: aque, 1998. -132 p.: il.; 21 cm. - aque. Práctica

Cuadernos de técnicas escénicas. - Bibliografía. -Títol extret de la coberta. -ISBN 84-89987-08-4

**Rosón, Tino**

Tècniques de so; [apuntes para el curso de técnicos de sonido]/[apuntes realizados por: Tino Rosón ... [etal.]]. -[s.l.]: [s.n.], [1997?]. -178 p.: il.; 30 cm. -Exemplar en fotocòpies. -Dossier de l'assignatura Tècniques de so del curs Tècniques de les arts de l'espectacle 1997/98

**Walne, Graham**

Sound for the theatre/Graham Walne. - London: A & C BlackNew York: Theatre Arts Books/Routledge, 1990. -152 p.: il.; 25cm. -Bibliografia p.143-144. Índex p.148-152. -Glossari p.130-136 . -ISBN 0-7136-3135-X . -ISBN 087830-119-4

**Barcelona, novembre do 2001**



## FONDOS E RECURSOS DUNHA ÁREA DOCU- MENTAL PARA O NOVO MILENIO :

### AS ARTES ESCÉNICAS NO INSTITUTO DO TEATRO DE BARCELONA



Fachada do "Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona"

Ana Vázquez Estévez

#### **Resumo:**

Este traballo quere informar de xeito breve e conciso sobre a historia e contido do Centro de Documentación Teatral e MAE -Museu de les Arts Escèniques- do Instituto do Teatro da Deputación de Barcelona.

#### **O Instituto do Teatro**

Para entender o que é o Centro de Documentación do Instituto do Teatro fai falta remontarse uns anos atrás e explicar cando, como e para que se creou e polo tanto é preciso unha breve reseña sobre a historia da Institución do Teatro.

Naceu o día 4 de febreiro de 1913 por Adrià Gual co nome de "*Escola Catalana d'Art Dramàtic*". O proxecto de Gual era amplo e superaba o ámbito do ensino, estendéndose cara outras iniciativas culturais coa creación dunha biblioteca que dese soporte ás necesidades da Escola, que promovese

publicacións, premios, seminarios. Daquela xa se elaborara un proxecto de Museo.

A "*Escola Catalana d'Art Dramàtic*" foi máis tarde o que hoxe coñecemos por "*l'Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona*".

Paralelamente, foise formando, ó seu carón, a Biblioteca que daba soporte a Institución e que ideara no seu día o proxecto de Adrià Gual.

Conscientes da complexidade da xénese do Centro de Documentación do Instituto do Teatro intentaremos facelo máis entendedor cun resumo cronolóxico e esquemático, dos principais feitos e cambios producidos ó longo da historia:

#### 1912/1921

Etapa fundacional do Museo do Teatro baixo a dirección de Marc Jesús Bertrán,

nunha Sala do Palau de Belles Arts do paseo de Sant Joan.

Uns anos máis tarde o Museo foi cedido ó Concello.

### 1913

Nace a “Escola Catalana d’ Art Dramàtic”, practicamente ó mesmo tempo que o Museo

Comeza a existir o embrión da Biblioteca Auxiliar da Escola.

### 1923

Museo do Teatro é cedido, por primeira vez, a “Escola Catalana d’ Art Dramàtic”, dirixida por Adrià Gual.

### 1954

Definitivamente e despois de moitos avatares, na época da Dictadura e da República, o Museo do Teatro instalouse nas dependencias do Palau Güell, adquirido pola Deputación de Barcelona no ano 1945.

### 1968

Adquisición, pola Deputación de Barcelona, para ser rexentada polo Instituto do Teatro, da Biblioteca de Don Arturo Sedó especializada nas artes escénicas e maioritariamente na especialidade do teatro hispánico.

### 1969

Inaugurase compartindo espacio co Museo do Teatro no edificio do Palau Güell, ó 23 de abril de 1969, co nome de Biblioteca de Investigación coa finalidade de diferenciala da biblioteca nacida ó mesmo tempo que a da “Escola Catalana d’ Art Dramàtic”

### 1970/74

Neste período de tempo prodúcese un importante rexurdimento do instituto do Teatro, a niveis de dirección, conceptos, perspectivas e proxectos de futuro. Créanse as Escolas da comarca de Osona e de Terrassa diante da necesidade de descentra-

lizar os estudos, aínda que, estes seguen a depender do Instituto de Barcelona e polo tanto, tamén da Deputación

Creación das bibliotecas de Terrassa e de Vic para dar soporte ó profesorado e mailo alumnos dos novos Centros comarcais.

### 1978

A Biblioteca e o Museo do Instituto do Teatro pasa a denominarse CEDAEC (Centro de Estudos e Documentación das Artes do Espectáculo e da Comunicación)

### 1983

Desmontase o Museo debido á pouca operatividade do mesmo e aplícanse ós documentos novos sistemas de catalogación e de exhibición poñéndoos a disposición de entidades públicas e privadas, colaborando activamente en mostras e exposicións nacionais e estranxeiras.

Creáronse unhas rigorosas normativas, tendo presente o feito de que se trata dun patrimonio histórico documental único. Polo tanto non se esqueceu legislar sobre a previa taxación dos documentos, o seguro de porta a porta e a conservación dos mesmos.

### 1984

A Biblioteca e maila documentación non bibliográfica, obxectos e documentos que se expoñían noutro tempo no antigo Museo, pasa a formar parte do: CIDD ( Centre d’ Investigación, Documentació i Difusió de l’ Institut del Teatre) nova denominación a partir deste ano, nome que se conserva deica este ano – 2001- que pasa a chamarse, Centro de Documentación e MAE do Instituto do Teatro.

Estes documentos e o seu proceso técnico pasaron a depender do Departamento de Documentación creado daquela e que conformaban o CIDD xunto cos Departamentos de Investigación e mailo Departamento de Difusión.

### 1993

Pónse en marcha o plan informático para as catro bibliotecas do Instituto do Teatro:

a Biblioteca da Escola de Barcelona, a Biblioteca da Escola de Terrassa, a Biblioteca da Escola de Vic e a de Investigación, (Biblioteca Sedó máis todo o fondo adquirido posteriormente a súa compra no ano 1968).

Chegado o tempo da informática decidiu-se que era o momento de crear unha rede propia cunha central catalogadora dende a Biblioteca de Investigación. Tomouse a decisión de utilizar o programa informático\_VTLS- Virginia Technical Library System- utilizado xa pola rede de bibliotecas da Deputación e por universidades prestixiosas, confeccionouse un tesouro propio das artes escénicas que xa se comezou a aplicar en fase experimental.

#### 1999

Estase a traballar no proceso de reconversión do fondo bibliográfico da Biblioteca Sedó, máis de 90.000 exemplares, base dos nosos fondos bibliográficos. No segundo semestre do ano 2001 estará a disposición, informaticamente, de tódolos usuarios nacionais e estranxeiros.



Hall do "Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona"

#### 2000

No mes de setembro do 2000 estreámo-la nova sede na Plaça Margarida Xirgú, en Montjuïc. Ó cabo, podemos ter un único edificio, onde xuntar Ensino, Centro de Documentación e Museo, algo tan desexado dende os comezos da Institución. Fúsióname a biblioteca das Escolas coa de investigación, e ó mesmo tempo nace a Mediateca, biblioteca auxiliar para os profesores e alumnos da EESA-DANSA, Escola de Ensino Secundaria de Arte, escola de nova creación dentro do edificio de Montrjuïc. Na actualidade estamos a formar parte do proxecto chamado "Ciutat del Teatre", conxuntamente co teatro Mercat de les Flors e Teatre Lliure que se ubicará tamén en Montjuïc a finais do 2001, proxecto que coidamos finalizará no ano 2004.

#### 2001

O día 27 de xuño do 2001 inaugúrase o Museo de les Arts Escèniques -MAE- coa exposición *Creació de l'èfimer: de l'idea a l'espectacle*, maioritariamente coa documentación orixinal do propio centro.

#### Presentación do Centro de Documentación do Instituto do Teatro e MAE

O Centro de Documentación dá servizo e soporte á comunidade académica do "Institut del Teatre", ó público escolar dos centros de ensino de primaria e secundaria; a profesionais das artes do espectáculo, investigadores, estudiosos e hispanistas de todo o mundo, e ó público en xeneral. Crea e colabora en exposicións aportando os seus documentos. Intenta ser a memoria histórica do teatro catalán, sen esquecer, sen embargo, outras culturas próximas do Estado Español. Recolle e trata a documentación relacionada coas artes escénicas en Cataluña de xeito exhaustivo.

Polo que fai referencia as relacións internacionais e por medio do Instituto do Teatro somos membros das e institucións internacionais seguintes:

ELIA-European Languge of Institutes of the Art

ENICPA-European Network of Information Centres for the Performing Arts.

IFTR-International Federation for Theatre Research.

SIBMAS-Société Internationale des Bibliothèques et des Musées des Arts du Spectacle

CTE-Convention Théâtrale Européenne.

Este Centro de Documentación, polo que respecta ó fondo bibliográfico hispánico, está considerado polos especialistas o segundo do mundo, despois da Biblioteca Nacional de Madrid, partindo dunha extraordinaria e orixinal bibliografía do Século Douro español, manuscritos, edicións prínceps e "Comedias Soltas".

Outro obxectivo do noso centro é, tamén, o de captar, conservar e preservar, manuscritos, impresos do século XVI ata a actualidade, epistolarios, bibliografías, actas dos congresos, teses, publicacións periódicas, coleccións especiais orixinais, audiovisuais, é dicir, tódalas documentación da que fomos depositarios ó longo dos anos e que conforman un rico abanico de diversos soportes e tipoloxías documentais. A documentación non bibliográfica que é a base do fondo museístico do Museo do Teatro dos primeiros tempos, constitúe unha fonte moi importante para o coñecemento da historia do teatro catalán.

Estes documentos que configuran o noso centro mostran dous aspectos diferentes: o artístico e o documental, e, do mesmo xeito tanto o bibliográfico coma o non bibliográfico conforman unha única unidade que non se pode disociar e que se complementa entre si de tal xeito que dunha produción teatral podemos atopar o texto dramático, a crítica dos xornais, as fotografías, o programa de man, o cartel, a maqueta dunha ópera, os figurinos de indumentaria, o traxe confeccionado..., e todos eles conteñen unha información variada e interrelacionada.

Polo que respecta ó proceso técnico do Centro, créanse e aplícanse as propias conecrecións de catalogación, un tesouro especializado propio, tal e coma se ideara no seu

momento na memoria presentada no ano 1992.

Relación dos centros e dos fondos documentais bibliográficos e non bibliográficos que forman o Centro de Documentación do MAE:

Biblioteca de Don Arturo Sedó con 90.000 exemplares.

Fondo bibliográfico adquirido despois do ano 1969, con 28.000 exemplares.

Fondo documental non bibliográfico do Museo do Teatro, con máis de 900.000 unidades.

Biblioteca escolar de Barcelona, uns 7.000 exemplares.

Biblioteca escolar de Terrassa, cuns 4.000 exemplares.

Biblioteca escolar de Vic, cuns 3.000 exemplares.

A Biblioteca Sedó é o máximo soporte do Centro de Documentación, do MAE, debido ó número, variedade e calidade dos arquivos - bibliotecas que aglutina.

Expoñeremos graficamente este proceso de formación. O fondo Sedó está formado por:

### **Manuscritos:**

Nesta sección gárdanse manuscritos de autores dramáticos de tódolos tempos:

#### s. XVI-XIX

Antonio Bances de Cándamo, Manuel Bretón de los Herreros, Pedro Calderón de la Barca, Francisco Camprodón, Francisco de Castro, Luciano Francisco Comella, Juan de la Encina, Félix Enciso, Leandro Fernández de Moratín, J. Eugenio Hartzenbusch, Pedro Lanini Sagredo, Lope de Vega, Eduardo Marquina, Juan de Matos Frago, Antonio Mira de Amescua, Luis Quiñones de Benavente, Francisco de Rojas Zorrilla, Lorenzo de Sepúlveda, Diego de Vera, Fernando de Zárata.

#### s. XX

Carlos Arniches, Sergi Belbel, Jacinto Benavente, Josep Ma. Benet i Jornet, Joan Brossa, Jordi Galceran, Adrià Gual, Àngel

Guimerà, Ignasi Iglesias, Manuel Linares Rivas, Joan Oliver, Ferderico Romero, José Sanchis Sinisterra, Josep M. de Sagarra, Frédéric Soler "Pitarra".

#### **Arquivos personais:**

Antonio Alvarado, Maria Araujo, Pau Barceló, Albert Bastardes i Sampere, Sigfrid Burmann, Josep M. Domingo i Padrol, Adrià Gual, Àngel Guimerà, Josep M. Junyent, Oriol Mestres, Francesc Payarols Casas, Alfons Puig, Germans Roca, Ramon Rogent, Fernández Shaw, Joan German Schroeder, Frederic Soler "Pitarra", Ernest Soler de les Cases, Tórtola Valencia, Antoni Vila Arrufat,...

#### **Arquivos teatrais:**

"Arxiu A-71", Colección CANALS: archivos dos teatros Tívoli, Novetats, Principal e Romea, "Arxiu JOGLARS", Colección Lluís MILLÀ documentos e orixinais, autógrafos, Collección PARIS: autógrafos, correspondencia, fotografías, contractos e documentación varia, "Arxiu F.E.S.T.A." (Foment de l'Espectacle Selecte i del Teatre Associació), "Teatre de Camera", "Arxiu ADB" (Agrupació Dramàtica de Barcelona).

#### **Bibliotecas privadas:**

Tomàs Borràs, Fernández Caballero, Emili Cotarelo, Carmen Díaz, Narciso Díaz Escobar, Aureliano Fernández Guerra, Francesc Gelambí, Enric Giménez, Joaquin Montaner, Bartomeus Olsina, Loreto Prado, Alfons Puig, Josep Santpere, Roque Vidal, Pedro Zorrilla.

#### **Donacións de autores dramáticos e investigadores:**

Jacinto Benavente, Rafael Bonavia, Salvador Carandell, Francesc Curet, Luís Escobar, Carles Fernández Shaw, Antoni Galceran, Joan Givanel i Mas, Gastón A. Mantua, Ricardo González de Toro, Eduardo Marquina, Rafael Moreno Lasso de Vega, José M. Pemán, Antonio Ramos Martín, Pablo Sorozábal, Francisco Tressols.\*

#### **Fondos de editoriais e librerías:**

Casa García Rico y Cía, Arxiu Lluís Millà, librerías de anticuario, Arquivo da Sociedade de Autores.

O patrimonio documental que se conserva no Centro de Documentación do MAE, é a suma de tódalas bibliotecas enumeradas, mailos fondos non bibliográficos, do antigo Museo do Teatro.



Perspectiva do "Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona"

#### **Relación dos fondos documentais non bibliográficos máis importantes:**

##### **Arquivo fotográfico:**

Fotografías en papel, supercontactos, diapositivas, negativos (Clixés), placas de vidro. Este fondo fotográfico contén 100.274 imaxes de espectáculos, de actores, cantantes líricos, compositores, a, escenógrafos, autores literarios, etcétera.

Destas coleccións teremos que subliñar aquelas de fotógrafos coma: Pau Audouard, Amadeo, Esplugas, Areñas, Postius, Pau

Barceló, Andreu Basté, Ros Ribas, Josep Gol, Josep Aznar, Albert Fortuny...

### **Colección escenográfica:**

Esbozos escenográficos, figurinos, teatros, maquetas... Este fondo documental contén non menos de 8.544 proxectos escenográficos orixinais dende finais do século XIX ate as vangardas.

Imos subliñar coleccións de Adrià Gual, Francesc Soler i Rovirosa, Marià Andreu, Fabià Puigserver, Sigfrid Burmann, etc...

### **Carteis:**

Consérvanse uns 5.000 carteis do ámbito teatral de procedencias diversas. Destacaremos ós de principios do século XX do Gran Teatro do Liceo, orixinais de Penagos feitos para a bailarina Tórtola Valencia, ou ben, de Grau Sala para a actriz Margarita Xirgú para a obra Doña

Rosita la Soltera de F. García Lorca.

### **Programas de man e dossieres:**

A colección de impresos está formada por 8.000 programas de man dos espectáculos que se representaron nos teatros de Barcelona, de Cataluña e do resto do Estado dende 1860 deica hoxe mesmo.

Nesta liña adquirense, tamén dossieres de compañías, de teatros, de actores, de espectáculos, cun número xa significativo de 800 unidades.

### **Hemeroteca:**

Gárdanse recortes de xornais deste século grazas a donacións coma de Joan Tomás, crítico teatral.

Baleirado dos xornais máis importantes de Cataluña e o ABC de Madrid dende o ano 1989 deica a actualidade.

### **Indumentaria :**

Traxes, complementos de indumentaria. O fondo de traxes de escena do Instituto do Teatro componse de 609 unidades, das que subliñamos os da bailarina Tórtola Valencia, os de Carmen Amaya, da actriz Margarita Xirgú, do actor Enric Borràs, ou dos cantantes líricos Francesc Viñas e Emili Vendrell.

### **Bonecos e marionetas:**

Bonecos de guante, panos e obxectos escenográficos de Didó, marionetas de fío e obxectos escenográficos de H.V.Tozer. Outras coleccións de bonecos coma as de, Anglès, Guinovart, Ingeborg, Vergés, cun total de 437 unidades.

### **Máscaras:**

Consérvanse 66 máscaras de diversos xéneros; da comedia e da traxedia grega, da "Commedia dell'Arte", xaponesas, etc...

### **Fondo pictórico:**

A colección de cadros do Instituto do Teatro é un conxunto de 99 cadros de sinaturas moi desiguais, faría falta subliñar,



Mostra dun cartel do arquivo

os dibuxos de Ramón Casas, óleos de Santiago Rusiñol, 3 óleos da "Commedia dell'Arte" de Marià Andreu...

### **Fondo escultórico:**

Non é moita a documentación conservada neste apartado, só algunhas esculturas e bustos das cales pódese subliñar a estatua dun Parsifal de Lluís Montaner, o busto da Reina Isabel II procedente do Teatro do Liceo, tres esculturas da bailarina Tórtola Valencia, ...

### **Obxectos**

Constitúeno mobles e outros obxectos (arcas pequenas, lámpadas, diplomas, placas conmemorativas...). Mención especial serían os obxectos persoais dos dramaturgos cataláns, Àngel Guimerà e Frédéric Soler (Pitarra).

## **ACCESO Á INFORMACIÓN**

Os instrumentos de acceso ós nosos documentos son moi variados e diversos, dende os máis tradicionais ata os das derradeiras tecnoloxías que ofrece o mercado da informática:

### **Fondos bibliográficos:**

#### **Instrumentos Tradicionais:**

Catálogos manuais, de autor, de títulos de obras dramáticas, de materias -descriptores- (só de xeito parcial 23.000 vols.), títulos de publicacións periódicas, baleirados de publicacións periódicas. O ano 1993 pecháronse estes catálogos co motivo do comezo da informatización dos fondos bibliográficos.

Dende o 1999 estase a reconvertir todos estes catálogos ó sistema informático VTLS - Virginia Technical Library System - hoxe por hoxe pódese, xa, consultar en pantalla dende os ordenadores conectados en rede, bibliotecas do centro e outros departamentos do mesmo, tódalas fichas sen a necesidade de consulta-las manualmente. Catálogos bibliográficos impresos que recollen diferentes seleccións documentais da rica bibliografía da biblioteca do MAE.

#### **Instrumentos Informatizados**

Con respecto a fondos bibliográficos: Catálogo automatizado dende o ano 1993, pódese consultar dende a paxina Web da biblioteca.

CCUC, -Catàleg Col·lectiu Universitari de Catalunya- integrados dende o ano 1998

### **Fondo non Bibliográfico:**

Bases de datos, electrónicas - produción propia xa existentes e consultables:

DAE (directori de les arts de l'espectacle) que recolle información sobre tódalas brancas do oficio teatral, dende os enderezos e teléfonos deica os profesionais.

*Escenari* é un catálogo de compañías e espectáculos de teatro, música e danza, que corresponde os anos 1996/1997.

*Resum* de la temporada teatral a Catalunya recolle tódalas estreas de Cataluña durante a temporada teatral -de setembro a agosto- dende o ano 1985 deica a actualidade. É a base de datos máis utilizada e consultada debido a súa continuidade case 15 anos, e a que ten moitos puntos de acceso informáticos, pódese consultar: por interpretes, estreas, locais, cidades, número de personaxes...facilita extraordinariamente a investigación.

Existen bases de datos máis ou menos elaboradas da documentación non bibliográfica coma teatriños de ópera, bonecos, fotografías e cartees. Outras están en proceso de elaboración. Utilízase o programa Microsoft Acces, flexible e fácil de emigrar a calquera outro programa informático que o mellore.

#### **Outras:**

Bases de datos en cd-rom, como por exemplo: "El teatro del "Siglo de Oro"

Acceso a Internet, correo electrónico.

#### **Dossieres de prensa**

Trátase de recoller a prensa diaria, ordenala cronoloxicamente pola materia teatral en xeral, a referinte á institucional, á pro-





Biblioteca do "Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona"

fesional, á amateur, e pónse a disposición do público en forma de arquivos e dossieres de fotocopias. Os orixinais arquiváanse na espera de podelos dixitalizar nun futuro inmediato.

### **Boletín de sumarios**

É un servizo que se creou a finais dos "80" e distribuíase en papel. A comezos do ano 1999 pendurase na páxina web e, por petición expresa, pódese enviar en disquete.

### **Expositor de novidades**

Utilízase tanto para as novidades bibliográficas coma para as publicacións periódicas, e audiovisuais, encóntrase á man do usuario, na sala de consulta.

### **Guías de lectura**

Confeciónanse de xeito moi puntual cando se celebra o ano dun autor ou personaxe da vida teatral.

#### **Obtención do documento**

Existe dende os inicios do Centro de Documentación. Pódese acceder por carta, por fax ou por e-mail. O documento solicitado polo usuario, envíase en fotocopia, en

microfilm ou en fotografía, dependendo da antigüidade ou valor do documento e sempre de acordo coa normativa propia existente. É un servizo básico xa que o préstamo é restrictivo debido a que os nosos documentos son únicos e que a súa conservación é sempre prioritaria. Está aberto a tódolos públicos e bibliotecas do mundo.

### **SERVICIOS**


A Biblioteca ofrece os seus servizos dende os catro centros do Instituto do Teatro.

#### **Sala de consulta**

Servizo de información e referencia. Proporciona resposta a calquera consulta informativa que nos chega polos medios habituais: teléfono, fax, carta, e-mail.

#### **Publicacións**

Mensualmente a biblioteca publica:  
 boletín de sumarios  
 boletín de novidades bibliográficas  
 boletín de novidades audiovisuais



De la terra al Sol

### Préstamo

Permite retirar documentos bibliográficos de calquera das Bibliotecas ( do Centro de Documentación) do Instituto do Teatro. É imprescindible o carnet do Instituto do Teatro ou da AADPC “Asociació d’Actors i Directores i Professionals de Catalunya” Só aquelas persoas alleas ó Instituto que estean a facer una tese ou traballo de investigación poderán ter acceso ó préstamo temporal mentres dure a investigación e sempre cunha solicitude previa ó Xefe do MAE.

### Préstamo interbibliotecario

Só entre a rede da biblioteca do Instituto do Teatro.

Fondo bibliográfico: 15 días

Fondo audiovisual : 7 días

### Reprografia

É un servizo de fotocopias para reprodución dos libros posteriores ó ano 1939, e para as revistas posteriores ó ano 1960. Para o resto de documentos e para datas anteriores as indicadas pódese acceder exclusivamente por medio do microfilm ou

da fotografía e está aberto a tódolos públicos e bibliotecas do mundo.

### Enderezos dos 4 Centros:

Centre de Documentació- MAE- de l’ Institut del Teatre: Plaça Margarida Xirgú, s/n, 08004- Barcelona

Tel.-(93)227 39 00; Fax-(93)227 39 23

Horario: De luns a venres de 9 h. a 20 h.

l.teatre@diba.es/ www.diba.es/iteatre

Biblioteca Joan Oliver (Terrassa). Plaça Didó, 1-08221 Terrassa

Tel-(93)7887440 Fax-(93)7887500

Horario, luns de 10 a 19 h. De martes a venres de 9,30 a 13,30 h. e de 16 a 20 h.

it.terrassa@diba.es

Biblioteca d’ Osona (Vic). Sant miquel dels Sants,20

08500-VIC

Tel.: 938854467 Fax: 938854467

Horario, de luns a venres de 16 a 20 h.

it.vic@diba.es

Mediateca de la EESA-DANSA.. Plaça Margarida Xirgú, s/n, 08004- Barcelona

Tel.-(93)227 39 00; Fax-(93)227 39 39

Horario: De luns a venres de 9 h. a 16’30h.

### BIBLIOGRAFIA CONSULTADA.

*DAE (directori de les arts de l’espectacle).* Base de datos do Instituto do Teatro. *Escenari.* Catálogo de compañías y espectáculos de teatro, música y danza, 1996/1997. Barcelona: Institut del Teatre, Diputació de Barcelona, 1997-disquet- Vázquez Estévez, Ana. *Memòria del Centre de Documentació del CIDD de l’Institut del Teatre de Barcelona.* Barcelona, 1992. 84 h., Annex, 22 h.s


# RECONVERSIÓN DO FONDO RETROSPECTIVO DA COLECCIÓN TEATRAL ARTURO SEDÓ DO “INSTITUT DEL TEATRE DE BARCELONA” : DOS CATÁLOGOS TRADICIONAIS Ó SISTEMA INFORMATIZADO

**Ana Vázquez Estévez**  
Xefa da Unidade de Investigación  
e Conservación do Institut del Teatre

## Breve historia da colección

A Biblioteca Sedó chegou a xuntar uns 90.000 exemplares que Don Arturo Sedó foi coleccionando dende o ano 1936, intensificando a súa tarefa unha vez finalizada a guerra civil española. Continuou co seu empeño ata a data da súa morte, o 12 de outubro do 1965.

En 1968 o “ Institut del Teatre ” da Diputación de Barcelona tivo a oportunidade de adquirir a excelente biblioteca de Don Arturo Sedó, pasando os seus fondos baixo a custodia do “ Institut del Teatre ” que seguiu aumentándoos por medio de diversas compras e donacións. Abriuse á consulta pública a partir do 23 de abril do ano 1969 nas dependencias do Palau Güell, emblemático edificio de Antonio Gaudi.



Centro de documentación IMAE. Institut del Teatre.

## Os catálogos manuais

O fondo Sedó dispoñía dun catálogo alfabético de autores e de obras anónimas, fichas de formato 12'5 X 20 cm. , cuns datos mínimos de cada exemplar, autor, título e edición sen número de páxinas nin medidas. Un catálogo diccionario de títulos de obras teatrais, de referencia e estudos, fichas que contiñan moita máis información e descripcións, e máis completas que as de autor.

Cando se adquiriu a biblioteca iniciáronse outros catálogos manuais segundo as “Instrucións” e as AACC, e iniciouse a creación dunha lista alfabética de descritores de materias en substitución do catálogo diccionario de títulos.

Arredor do ano 1988 pasouse a describir o fondo coas normativas internacionais ISBD.

Tamén houbo a necesidade de crear novos catálogos: un catálogo alfabético de autores, de materias, de títulos das publicacións periódicas e catálogo de baleirado de revistas. Sen deixar de alimentar o catálogo alfabético de autores do fondo Sedó coa finalidade de obter un catálogo xeral ou global dos libros da colección e daqueles que se adquirían por compra, doazón ou intercambio despois do ano 1969.

### **Informatización dos fondos bibliográficos**

No mes de xullo do 1992 foi aprobado pola Xunta de Goberno do “Institut del Teatre” o plan de informatización do Centro de Documentación. No 1993 adquiriuse o programa xestor de bibliotecas VTLS (Virginia Tech Library System) e do hardware necesario.

En xuño de 1993 tomouse a determinación de pechar os catálogos tradicionais e iniciar a automatización do fondo bibliográfico.

Comezáronse a introducir na base de datos os fondos bibliográficos de máis recente adquisición, e a reconvertir as fichas bibliográficas do fondo adquirido posteriormente á compra da Biblioteca Sedó, co servizo de conversión retrospectiva Retrocon de

OCLC (unha selección de 17.000 fichas dos 23.000 volumes que xa existían no mes xuño de 1993).

O resultado de esta primeira reconversión supuxo a incorporación de 7.967 rexistros bibliográficos á base de datos. Por outra banda, se engadimos os 14.000 volumes catalogados dende xuño de 1993 (últimas adquisicións), actualmente a base de datos do “Institut del Teatre” consta duns 22.000 rexistros informatizados.

As normativas catalográficas utilizadas foron o Catmarc, 1ª edición y as AAC2. Paralelamente á automatización elaborouse un thesaurus especializado nas artes do espectáculo levado a cabo polo equipo de especialistas en documentación e artes escénicas do propio “Institut del Teatre”.

### **O proxecto de reconversión do Fondo Sedó do “Institut del Teatre”**

No ano 1997 tivemos noticia doutros centros e institucións que comezaban a reconvertir os seus fondos históricos.

Eran proxectos moi interesantes e daban solución ó problema das bibliotecas que coma a nosa tiña un fondo documental retrospectivo moi rico. Informouse á dirección do “Institut del Teatre” desta posibilidade, sobre todo, enfocada como posible novidade para a nova sede de Montjuïc, en construción por aquelas datas.

Fixéronse reunións e indagacións co persoal técnico e despois dos correspondentes informes e estudos, contactouse cos representantes do programa VTLS.

O “Institut del Teatre” e mais a empresa VTLS non chegaron a un acordo. Tampouco era o momento máis oportuno xa que existían outras prioridades coma o novo edificio e as esixencias desta empresa, resultaban ser demasiado precipitadas ademais de un prezo esaxerado e prohibitivo.

### **Elección do sistema de reconversión.**

Non se esqueceu o proxecto e continuouse a indagar e recoller información sobre



Foto reconversión SEDÓ. Institut del Teatre.

outros sistemas de reconversión e dos diferentes costes da súa realización.

Coa importante colaboración do Gabinete de Informática da Deputación de Barcelona continuouse traballando ó longo do ano 1998 ata que ó cabo contactouse coa empresa ODEC de Gandía -Valencia- que ten delegacións en Madrid, Barcelona e Lisboa (**ODEC significa: Centre de Càlcul i Aplicacions Informàtiques**), interesáronse polo noso proxecto e chegouse a un acordo económico e técnico.

Os preliminares foron moi laboriosos debido a que non era a especialidade desta empresa a reconversión de fondos bibliográficos

### Obxectivos do proxecto de reconversión

Son os de converter en rexistros bibliográficos nun formato estándar que permita ler a través dunha máquina as descripcións bibliográficas dos catálogos manuais do fondo retrospectivo. Deste xeito conséguese facilitar totalmente o acceso ós fondos vía Internet a tódalas bibliotecas e usuarios que o desexen, axilizar os servicios e mellorar os procesos de adquisición e catalogación.

### Esixencias definidas pola biblioteca do Institut del Teatre:

Tomáronse as decisións seguintes:

1. Escanear as fichas do catálogo alfabético de títulos xa que como comentei máis arriba, é o máis completo.
2. A empresa proporcionaríaa todo o equipo humano e mais as máquinas para o escaneado das fichas
3. Os catálogos non saírían do noso Centro.

### Compromisos por parte da Biblioteca do IT

- Marcar tódalas fichas de títulos para detectar os posibles duplicados e dese xeito aforrarlle traballo á empresa.
- Seguemento e repaso das autoridades do catálogo de autores da Biblioteca Sedó

- Estudiar os inventarios realizados durante o traslado do Palau Güell a Almagóvares.

- Estudio dos catálogos impresos existentes no fondo da nosa biblioteca para aproveitar máis de 8.000 descripcións realizadas de primeira man.

- Concrecións para a empresa.

No mes de marzo do ano 1999 empezouse a traballar en tódalas tarefas previas relacionadas.

Para poder levar a cabo estes compromisos tivéronse que cancelar practicamente tódalas actividades persoais dos servicios técnicos, bibliotecarios e bolseiros, que non estivesen relacionadas coa reconversión.

### Calendario

A duración total do proxecto preveuse que sería dun ano a partir do escaneado das fichas. Dividiuse en fases:

1. Preparacións previas
2. Escaneado das fichas
3. Codificación
4. Envío de 5.000 rexistros como proba para controlalos dende os servicios técnicos do noso centro
5. Envío total das 123.000 fichas previstas para xuño do 2000.

O equipo informático da Diputación de Barcelona comprometeuse a pasalo a CAT-MARC, unha vez rematado o proxecto

### Memoria técnica da empresa

A empresa ODEC presentou unha memoria técnica, co seu currículum e traxectoria profesional, proposta de calendario, estimación económica na que se incluía: a conversión retrospectiva, a mecanización, validación e incorporación do catálogo manual bibliográfico da colección Sedó ó sistema VTLS.

### Valoración da memoria técnica

Para que o "Institut del Teatre" lle adxudicase o proxecto á empresa ODEC fixéronse unhas determinadas valoracións e observacións á memoria presentada nos seguintes aspectos:

**a) Funcionalidade:**

O “Institut del Teatre” propuxo que se ofrecera un programa de control de calidade.

**b) Dixitalización das fichas de títulos:**

Esixiuse que non se dixitalizara ningunha ficha que non estivese previamente marcada e revisada.

**c) Indicación das fichas de autores:**

Antes de comezar este proceso era imprescindible que estivese rematado o control do ficheiro das autoridades que lle proporcionarían a “Institut del Teatre” á empresa.

**d) Vídeo gravación:**

Para chegar a este punto o “Institut del Teatre” ten que proporcionar, previamente, un ficheiro de títulos de revistas, de títulos da colección e das sinaturas topográficas.

O control de calidade do “Institut del Teatre” tíñase que realizar ó mesmo tempo que ían introducindo os datos.

A consulta das fichas dixitalizadas tíñanse que poder ver coma se fose o catálogo de títulos manual.

**e) Preparación dos documentos****f) Indización en xeral.**

En tódolos procesos de indización, o “Institut del Teatre” tiña que poder acceder ó control de calidade.

**m) Control de calidade:**

O “Institut del Teatre” solicitou que os controis da validación sobre os datos gravados, foran feitos “a priori”.

**Realización**

No mes de xuño de 1999 iniciouse a primeira fase co escaneo das fichas de títulos. O horario era de 8 a 19 horas cunha pequena interrupción.

Despois da fase de escaneado empezouse a de codificación, creáronse plantillas para recoñecer os diferentes campos da ficha - autor, título, pé de imprenta, ano...- en función da colocación destes datos nas fichas, o uso das maiúsculas e minúsculas, así coma outros signos utilizados coma os corchetes, parénteses, etc.

Definíronse distintas plantillas de catalogación, para coleccións, publicacións periódicas, descripcións das posibles diferentes

tipoloxías de fichas, que conxuntamente coas imaxes dixitalizadas facilitaríanlle o traballo ós operadores da empresa.

Os rexistros bibliográficos teñen asociada a imaxe escaneada da ficha. A empresa envía periodicamente unha cantidade preestablecida de rexistros coa finalidade de podelos revisar.

Á marxe de ter marcado as fichas diferenciando os duplicados, esta tarefa de eliminación dos mesmos farase de xeito máis exacto unha vez finalizado o proxecto.

**Conclusión**

Para rematar direi que o proxecto está en pleno desenvolvemento e que se prevé totalmente realizado non máis aló do ano 2002.

Á marxe de tódalas vantaxes que nos comporta o proxecto, somos conscientes de que sempre a calidade dos rexistros reconvertidos é menor que a obtida de primeira man co documento diante pero a cambio permitíranos unha maior e máis rápida difusión e acceso ós nosos fondos bibliográficos dunha forma inmediata, deixando para unha segunda etapa o perfeccionamento e revisión das descripcións bibliográficas.

O proxecto Sedó permítenos unhas vantaxes, que sen a súa realización e co persoal e medios dos que dispuñamos, sería impensable logralo en moitos anos.

A súa materialización vainos permitir uns resultados, como son, facilitar totalmente o acceso ós fondos, por vía Internet, a tódalas bibliotecas e usuarios que o desexen, axilizar os servizos e mellorar os procesos de adquisición e catalogación... resultados que, sen dúbida, beneficiarán á comunidade hispanista, ós profesionais tanto nacionais coma estranxeiros que, pola mesma especificidade dos nosos documentos, son un fato de usuarios asiduos que dependen dos nosos servizos para a calidade e exhaustividade dos seus estudos e investigacións.

Barcelona, xuño, do 2002

# JAUME RASPALL ALBERTÍ: MINIATURISTA

Colección de maquetas operísticas, en miniatura, do Centro de Documentación, do "Institut del Teatre de Barcelona"

Por Ana Vázquez

**N**aceu, Jaume Respall, no ano 1902. Era un empregado modesto da Banca que compartía o seu tempo de lecer co cultivo da arte e unha arte moi peculiar, a miniatura.

O ano 1939 construíu un teatriño en miniatura coa reprodución exacta do "Gran Teatro del Liceo", posteriormente acompañouno de 197 decorados e complementos de escena correspondentes á 197 óperas representadas neste local barcelonés.

Con motivo da festa maior do barrio de San Gervasio fíxose unha exposición titulada "La exposición en San Gervasio" acollida polo Ateneo do mesmo nome na que Respall conseguiu unha grande sona, de tal xeito que Laercio, na "Solidaridad Nacional" do 19 de setembro do 1945, subliña de forma especial a importancia de Jaume Respall através do percorrido pola exposición da seguinte maneira:

*(...)Y luego aquel inefable artista que se llama Respall, cuya inverosímil habilidad manual se complace en las miniaturas, de chinesco decorativismo. Respall colecciona decorados del Gran Teatro del Liceo, copiados por él, sin omitir detalle...sus maquetas son seguramente, las más pequeños y más minuciosas que hemos visto jamás....*

Noutro artigo da revista "Destino" do 8 de decembro do 1945 di o articulista ao comentar a obra de Respall:



*(...) Si su pincel de miniaturista es notable, sorprende el ingenio de que alardea aplicado a la electricidad. Este autodidacta ha encontrado soluciones que le envidiarían los mismos técnicos. Cada mutación escénica es regulada minuciosamente... Así salen de perfectos en este modesto piso de Gracia, domicilio del Sr. Respall, los fuegos de "Las Walkyrias" la aparición de "La ciudad invisible". (...) y cuando el dueño brinda a sus espectadores unos gemelos de teatro (...) es completa la ilusión de asistir a nuestro teatro de ópera...*

Cando o Liceo abría as portas, Respall pechaba a temporada do "Petit Liceu" (nome co que bautizou ao seu teatriño). O piso onde habitaba tiña moita humidade e deterioraba os decorados e mais a instalación eléctrica. Gardaba os decorados miniatura no teatriño desarmado e íase ao Liceo a copiar novos decorados.

Nas horas libres que lle permitía a banca, fundíase no seu peculiar romanticismo de puro e desinteresado creador.

Wagner estaba moi presente coma autor preferido entre as representacións do "Petit Liceu". A primeira sesión integramente wagneriana foi a do día 23 de setembro do 1948. Conforme consta no programa mecanoescrito conservado entre os seus documentos, representáronse diferentes actos das seguintes óperas:

*Lohengrin, Tristan e Isolda, El Oro del Rhin, La walkyria, El Parsifal...*

### **Pere Esquerra, amizade e colaboración**


Foi no ano 1947 cando Respall tivo ocasión de coñecer e contactar co que sería o seu entusiasta colaborador Pere Esquerra. Este acompañaba a pequenos grupos de xente interesados na súa arte e visitaban a casa de Jaume Respall para asistir ás representacións que ofrecía unha vez por semana. Unhas palabras de Pere Esquerra explícanos a súa amizade, afección e complicidade.

Comenta o Sr. Esquerra, ao lembrar aquel intre cando coñeceu ao Sr. Respall (nun documento mecanografado autógrafo con data do 19 de outubro do 1952) di literalmente:

*Recuerdo hoy hace unos cinco años que nos encontramos con el Sr. Respall un domingo por la mañana a la salida del Oficio de Pompeya, y al reconocernos como asiduos del quinto piso del Liceo, entablamos conversación y me mostró unas fotos de los decorados de su "Teatrín", y de este encuentro vino la formación a mi cargo del primer grupo de concurrentes, entre los que estaban el maestro Enric Roig catedrático de Estética Musical y Artística de todos conocido, el Sr. Llucià autor de una Historia de la Música y el Sr. Romañach entendido musicólogo y entusiasta wagneriano(...)*

Continuou dicindo o Sr. Esquerra, ao lembrar aquela primeira visita e primeira representación na casa de Jaume Respall no barrio de Gracia:

*(...) Después de una breve explicación del Sr. Respall, se levantó el telón y entre la admiración de todos, comenzó el desfile de fieles reproducciones a escala, de decorados de nuestros más celebres maestros escenógrafos entre otros, Maurici Vilomara, Soler Rovirosa, Mestres Cabanes, etc.... Cada*



*decorado parecía superar al anterior. Decorados de Aída, Boris, Turandot, Ciudad invisible, etc. Iban ocupando el minúsculo escenario de 10 centímetros; cada vez más interesantes, con nuevos trucos de una belleza y justa precisión; era como un crecimiento de gran orquesta o también de órgano, en el que iban entrando nuevos grupos instrumentales o juegos y registros...*

*(...) Y para finalizar, unas palabras del que para mí se ha convertido en un verdadero amigo y compañero, mi ferviente anhelo de que sea como las brasas del eterno fuego de la Walkyria que no decae jamás (...)*

Houbo unhas palabras de Jaume Respall en agradecemento ao amigo e colaborador das visitas ao "Petit Liceu" Pere Esquerra, o homenaxeado, (segundo consta no documento conservado no arquivo do instituto do Teatro) di textualmente:

*Sras., Srtas., Señores, Esta sesión de hoy (...) está dedicada en honor al amigo Pere Esquerra (...) Exactamente el día 30 de agosto del 1947 fue su primera asistencia en estas limitadas reuniones y además de varios buenos amigos (...)*

Aquí volve a repetir o nome dos convidados citados máis arriba no discurso do Sr. Esquerra conxuntamente cos outros: Pérez Moya Suñé, Robert de la Riba, Pare Massana, Agustí Durán i Sampere, Mercé Llates, Tomás Roig i Llop.

Acaba dicindo o Sr. Respall:  
*(...) aceptar este pequeño obsequio con el mismo afecto con el que le ofrezco consistentemente con una fotografía dedicada de este*



"Petit Liceu" con el decorado del jardín de la ópera Boris Godounoff (...)

Seguidamente levantouse o pano co seguinte programa:

100 visitas a este teatrín chamado "Petit Liceu".

*Fantasia de luz y color, realización de Jaume Respall.*

Foi con data do 19 de outubro do 1952, segundo comentei anteriormente, ás 6 do serán cando Jaume Respall ofreceu a sesión da homenaxe á Pere Esquerra en agradecemento e amizade á súa persoa.

**A colección de maquetas operísticas en miniatura:**

Respall confesa á Domingo de Fuenmayor, nunha entrevista ao "Diario de Barcelona" do 22 de novembro do 1955, que esta tarefa custáralle 23 anos da súa vida e que cos seus decorados podían chegar a representar unhas 300 óperas.

Á pregunta de por canto os vendería contestou que por ningún diñeiro xa que sería coma poñer prezo á súa propia vida.

Tamén afonda na súa arte un artigo de Arturo Menéndez Aleixandre que tivo a sorte de asistir a algunha das representacións na súa casa. Menéndez Alexandre de forma poética explícanos a súas impresións detalladas da dimensión (aínda que en miniatura) da gran obra. Descríbea, na "Revista Barcelona Teatral" de agosto do 1951 da seguinte maneira:

*Donde menos se piensa descubre uno tesoros dignos de Aladino (...). Se trata de una*

*obra de auténtica artesanía, realizada, año tras año con fe, tesón, entusiasmo arte y paciencia sin límites por don Jaime Respall Albertí, modesto funcionario de un Banco (que tal vez equivocó su camino) que, en sus horas libres, vive su vida y cultiva su espíritu trabajando en ella y que no acabará nunca porque es inacabable. Imagínense Uds. una reproducción parcial pero fidelísima de la sala de espectáculos del Liceo, con su escenario, que mide unos 10 centímetros de ancho e imagínense Uds. en éste reproducidos hasta en su más insignificante detalle, con precisión matemática de dimensiones, perfecta ilusión de perspectiva y exacta imitación de coloridos, los complicados y fastuosos decorados que el Liceo nos ofrece, todo ello a base de simples croquis o apuntes al natural que el mismo señor Respall en estas inverosímiles miniaturas que cabe en la palma de la mano y pesan poco más que una pluma de ave pero que uno coge con supersticioso respeto y con asombrada admiración, sintiendo en su mano el enorme peso del arte, la intuición y la frágil y amorosa delicadeza con que han sido construidas...*


#### **Aspectos técnicos**

O proceso que seguía Respall era sempre o mesmo. Facía un pequeno apunte no que anotaba, xa debidamente, todas as tonalidades e gamas cromáticas, despois, poñía en limpo o xogo de anotacións nunhas fichas da mesma medida que os diminutos panos e resaltaba con tinta de cores varios, todas as variantes anotadas. De todo isto resultará o teatriño acabado. Están construídos peza a peza, debuxando con precisión e pintando despois a toda cor seguindo

as indicacións da ficha técnica correspondente. Por cada novo decorado facía unha ficha de distribución da luz baseándose nas redondiñas de cores colocadas segundo a situación dos puntos de luz da escena.


Arturo Menéndez Aleixandre segue a comentar no artigo citado, encol á técnica utilizada por Respall:

*(...) a la maravilla de tales reproducciones se suman los juegos de luces y efectos de luz logrados por medio de una*



*intrincada red de minúsculas conexiones eléctricas, provistas de sus cuadros de mando, menuditos reflectores graduables, pantallitas con mil matices de colores y "liliputienses" bombillas estratégicamente distribuidas exactamente como en la realidad, por no decir, mejor sorprendentes efectos de amanecer, puesta de sol, relámpagos, incendios y otras mil fantasías. Para cada ópera existe una ficha de control de mando electrónico que ya de por sí es un poema. Por último el escenario está provisto de "maquinaria" que permite toda clase de trucos y mutaciones mecánicas tales como el decorado deslizante de "Parsifal" el derrumbamiento del templo, en "Sansón y Dalila", etc....*

A maqueta do "Teatre del Liceu" de Barcelona está reproducida a escala de 1.200, con embocadura, proscenio e fosa de orquestra. As reproducións escenográficas son a inmensa maioría de decorados operísticos. Os escenógrafos que Jaume Respall copiou, pertencen aos creadores cataláns da escola realista coma: Francesc Soler Rovirosa; Maurici Vilomara; Salvador Alarma; Oleguer Junyent; Josep Mestres Cabanes,... Dos extranxeiros subliñaremos: Max Bruchner i Jonvousky, de Bayreuth, R. Strohmer, de San Francisco. Destes últimos as copias son extraídas de láminas, non da realidade coma os do Gran Teatro do Liceo.




O material utilizado é o cartón.

As dimensións das maquetas miniatura son de 11 X 7 cm.

Actualmente estase a dixitalizar toda a documentación para que poida ser consultada por internet através da nosa páxina web.

Jaume Respall y Albertí morreu o 21 de outubro do 1971. A súa viúva María Zaragoza fixo doazón ao Instituto do Teatro da Deputación de Barcelona da colección de teatriños, a reprodución do "Petit Teatre del Liceu" e todas as ferramentas que o envolvían, importante doazón que contribuíu de maneira excelente ao crecemento dos fondos documentais do Centro de Documentación do Instituto do Teatro.



# A comedia de Sepúlveda

Reaparición, rescate e adquisición  
pola Biblioteca do Institut del Teatre  
de Barcelona


Por Ana Vázquez Estévez  
Unitat de Recerca de l'Institut del  
Teatre de Barcelona

Denominada *Comedia de Sepúlveda* por coñecerse tan só o apelido do autor. Logo de varias atribucións, a primeira delas feita por Gayangos-1840- que creu que pertencía a súa autoría a J. Ginés de Sepúlveda. A segunda atribución foi realizada polo investigador Crawford-1920- que a atribuíu a Antonio de Sepúlveda.

Ningún destes candidatos reunía suficientes condicións e requisitos para merecer tal honra. A autoría máis contrastada e xeneralizada entre os estudiosos é a do sevillano Lorenzo de Sepúlveda e foi a Barrera-1860-. o primeiro en deducilo. Actualmente é a Lorenzo de Sepúlveda ó que hoxe por hoxe se lle atribúe máis firmemente.

A *comedia de Sepúlveda* está datada por Julio Alonso Asenjo na súa tese<sup>1</sup> arredor do ano 1567. É o único resto dun tipo de comedia en prosa, á maneira italiana, que se conservou. Pertence, pois ós textos dramáticos anteriores a Lope de Vega ou prelopiáns.

Publicouse por primeira vez no 1901, edición de Emilio Cotarelo y Mori<sup>2</sup> e segundo o manuscrito propiedade de Don Marcelino Menéndez y Pelayo que era copia, ó mesmo tempo, dun manuscrito do século XVI facilitado polo bibliófilo Don Pascual Gayangos, que o atopara nunha aldea do antigo reino de León. Unha vez realizada esta copia e unha terceira que se depositou na Biblioteca Nacional de Madrid<sup>3</sup>, desapareceu.



Di Cotarelo no traballo antes citado:

... "Inútil será, pues, encarecer más la rareza de esta joya de nuestro primitivo teatro; y la calificamos como tal no sólo por esta razón, sino por su valor intrínseco"...<sup>4</sup>

Tamén comenta Cotarelo na introducción o carácter italianizante da *Comedia de Sepúlveda* e a súa influencia no teatro español prelopián, cito textualmente:

... "El valor absoluto de esta obra es grande en cuanto al estilo y lenguaje, por estar divinamente escrita: no resulta lo mismo en cuanto a invención, pues señala una etapa en la tendencia de nuestros autores dramáticos de mediados del siglo XVI por imitar a los autores italianos; tendencia que luego habían de llevar al extremo Lope de Rueda y sus discípulos Timoneda, Alonso de la Vega, Pedro Navarro y algún otro"...<sup>5</sup>

A finais do 1992 púxose en contacto coa biblioteca do Instituto do Teatro o propietario, descendente e herdeiro do MF, Manuscrito Fonte<sup>6</sup>, do CS<sup>7</sup>, *Comedia de Sepúlveda*, citados con estas siglas por Julio Alonso Asenjo no seu traballo sobre a

*Comedia de Sepúlveda*. Alguén lle aconsellou que falara coa responsable do Departamento de Documentación, que daquela era a que escribe estas palabras, para chegar a un acordo de posible compra.

O propietario sempre quixo manter o anonimato por cuestións do fisco. Ó chegar ó Palau Güell, onde se ubicaba, daquela, o Centro de Documentación Teatral do Instituto do Teatro achegouse coa convicción de que se trataba dun manuscrito dunha obra de Lope de Vega, pero, naturalmente non a atopara citada en ningún repertorio bibliográfico coma pertencente a tal enxeño. Informóuselle de que se trataba da *Comedia de Sepúlveda*, manuscrito desaparecido dende había máis dun século.

Argumentouse debidamente e convenceu-se á dirección do Instituto do Teatro da oportunidade e importancia de adquirir tan valioso documento. Tomada a decisión, procedeu a solicitar un informe da autenticidade do manuscrito ó Doutor don Alberto Blecuá.

O paso seguinte foi o de levar a termo a taxación da *Comedia* por un anticuario barcelonés, experto nesta clase de documentos bibliográficos, e ó cabo adquiriuse pasando a enriquecer, aínda máis, o fondo

do Centro de Documentación da nosa Institución.


Poucos anos antes, no 1990, o investigador Julio Alonso Asenjo fixera e publicara un extenso estudio de doutoramento froito e selección da súa tese na editorial londiniense "Tamesis Books". Informóuselle debidamente e ofrecéuselle un microfilme do MF "Manuscrito Fonte" que ó longo do seu traballo de tese tratara sempre de maneira hipotética coma o demostran as seguintes frases tomadas do mesmo.

Di textualmente Julio Alonso na introducción:

--"Mediante algunas correcciones y conjeturas, en la segunda parte de este trabajo creo ofrecer un texto paleográfico-crítico no muy alejado del añorado original..."<sup>8</sup>

Froito do achado e recuperación do MF foi o extenso artigo publicado polo Doctor Julio Alonso na "Revista de Literatura" ano 1996, nº.116.

Nel detállanse tódas as diferencias, nin máis nin menos que 2695 variantes, tamén nos acaba de confirmar o feito xa presuposto de que no era un manuscrito hológrafo orixinal *La comedia de Sepúlveda*, CS representada por estas siglas no traballo citado. Trátase dunha copia, unha das diferentes copias, seguramente moi próximas á data da súa representación, tamén o demostra o



feito das lagoas que existen no texto que nos ocupa.

Segundo Alonso formaba parte dun volume con outras pezas poéticas, con seguridade, que foi desglosado coma acostumaba a suceder na época por motivos diversos.

As variantes existentes pódense explicar como fenómenos normais en toda transcripción e precisamente explícanse case todas facilmente se se teñen en conta como punto de partida tódalas variacións que presenta este manuscrito de Barcelona.

Segue a comentar Alonso Asenjo:

“...Esta razonable y fácil explicación de las variantes de otros manuscritos a partir del texto del de Barcelona es lo que nos fuerza a reconocer que éste es el MF, que ya dábamos por perdido. Este MF es el primero de una línea de la que derivan, a través de GAY [Gayangos], las copias de que tenemos noticia [...] o de aquéllas que se conservan: BN<sup>29</sup> y BMP<sup>10</sup>...”<sup>11</sup>

As súas confirmacións disipan totalmente calquera dúbida que puidera existir de que estamos a falar do manuscrito perdido.

A aparición e rescate do CS e do MF colabora na mellora do texto, as grafías adquiren unha maior regularidade e obriga a unha futura revisión por parte do estudioso Julio Alonso Asenjo que terá de novo que facer unha reedición baseándose neste manuscrito fonte, xa que se trata da única copia orixinal do século XVI que se conserva, polo tanto moi próximo e fiel ó autógrafa do sevillano Lorenzo Sepúlveda.

Aproveito para comentar que a adquisición deste manuscrito da *Comedia de Sepúlveda* realizada polo Instituto do

Teatro de Barcelona, foi, despois da compra da Biblioteca Sedó, a adquisición bibliográfica máis importante nestes últimos trinta anos e da que me sinto especialmente orgullosa, xa que intervín de xeito moi directo na súa adquisición.

A modo de resumo paso a dar a descrição do documento por medio da ficha bibliográfica:

#### FICHA BIBLIOGRÁFICA:

**SEPULVEDA, Lorenzo, de (ca.1505ca.1580). Comedia de Sepulveda [sic]. En un prólogo y cuatro actos (ca. 1.550) !ª copia manuscrita do século XVI.**

Encadernación en pergamiño da época.

Procede dunha biblioteca privada do Barco de Valdeorras-Ourense-. Foi ofrecida, en compra, á Biblioteca do Instituto do Teatro, no ano 1995, data da súa adquisición.

A partir desta primeira copia manuscrita do século XVI, perdida case que un século, imprimiuse por primeira vez no ano 1901. A edición foi baixo a responsabilidade de Don Marcelino Menéndez Pelayo, prólogo de Don Emilio Cotarelo y Mori.

A caligrafía é toda dunha mesma man<sup>12</sup> con algunhas correccións.

O estado de conservación é moi bo.

A signatura topográfica actual na Biblioteca do Instituto do Teatro é:

Vitrina-A-Est.- 5

<sup>1</sup>Alonso Asenjo, Julio. *La comedia de Sepúlveda. Estudio y texto paleográfico-crítico*. Edición de\_. London: Tamesis Books, 1990, p. 22

<sup>2</sup>Cotarelo y Mori, Emilio. *Comedia de Sepúlveda. Ahora por primera vez impresa. Según Manuscrito del Excmo. D. Marcelino Menéndez y Pelayo*. Madrid: Imp. de la Revista Española, 1901, p. 5

<sup>3</sup>Cotarelo y Mori, Emilio. Op. cit., p.6

<sup>4</sup>Cotarelo y Mori, Emilio. Op. Cit., p.6

<sup>5</sup>Cotarelo y Mori, Emilio. Op. Cit., p.7

<sup>6</sup>Alonso Asenjo, Julio. Op. cit., p.22

<sup>7</sup>Comedia de Sepúlveda

<sup>8</sup>Alonso Asenjo, Julio. Op. cit., p.12

<sup>9</sup>Biblioteca Nacional 2 –copia nº.2

<sup>10</sup>Biblioteca Menéndez Pelayo

<sup>11</sup>*Revista de Literatura*, nº.116,1996, p.501

<sup>12</sup>Alonso Asenjo afirma que é unha copia de dúas mans distintas.

# Fetiches e reliquias teatrais

*O dedo de Calderón de la Barca conservado no Centro de documentación Teatral do Institut del Teatre de Barcelona*

Por: Ana Vázquez Estévez<sup>1</sup>

O metacarpo do dedo de Don Pedro Calderón de la Barca se partimos da definición de fetiche como "obxecto ao que se lle rende culto supersticioso" trátase dunha reliquia máis que dun fetiche.

Xa que xamais se lle rendeu culto, máis ben estivo até o ano 1999 un tanto deixado e en estado de certo descoído. Foi nese ano cando se decidiu que era o momento de emprender a súa restauración e conservalo en boas condicións como merece todo documento.

Este documento consérvase dentro dun marco de madeira. Na parte superior ten unha pequena vitrina onde está depositado o óso. No centro, un gravado en papel co retrato de Calderón de la Barca e ao pé do marco a certificación ante notario da autenticidade do resto datado no ano 1840.

Puxémonos en contacto ca Escola de Restauración da Generalitat de Barcelona e restaurárono de forma gratuíta.

Foi un obxecto de grande utilidade para a Escola xa que serviu de exemplo interdisciplinar na didáctica de conservación e restauración don bens culturais para os seus alumnos. Pasou por toda as seccións da mesma: pola especialidade de conservación e restauración do documento gráfico sobre papel, conservación e restauración da madeira do



Reliquia do dedo de Calderón



marco e pola sección de conservación e restauración de arqueoloxía do óso, considerado como material orgánico arqueolóxico.

De acordo co equipo de profesores da Escola de Restauración, tívose en conta o feito de utilizar un tratamento de limpeza pouco agresivo. A finalidade foi a de evitar a alteración das propiedades do tecido óseo e, dese xeito, non imposibilitar a determinación do grupo sanguíneo ou do ADN. Informacións básicas da persoa de Calderón en futuros posibles análises ou na identificación doutros restos do autor.

Este relicario non deixa de ser moi curioso ao tratarse dun dedo dun escritor, non dun santo como se entende cando estamos a falar dunha reliquia.

<sup>1</sup>Cap de la Unitat de Conservació i Recerca Documental de l'Institut del Teatre

S  
O  
Z  
a  
p  
S  
E



La más hidalga hermosura.  
De Zabaleta, Rojas e Calderón

O rexistro da peza é: N.R.211. A través do libro de entradas do Institut del Teatre podemos saber que procede do Arquivo Histórico da Porta Ferrissa, nº, 1.

Supoñemos que ao tratar a reliquia dun metacarpo do célebre escritor teatral coidaron que era máis doado que se gardase nos nosos fondos.

Ben certo, xa que deste escritor áureo conservamos 3 manuscritos orixinais escritos, sen dúbida, coa reliquia conservada.:

- *El agua mansa*

- *La más hidalga hermosura*. Tercera Jornada

- *Loa sacramental que se hizo en el Auto del Maestrazgo del Tussón*.

Non debo deixar de citar, entre outros milleiros de edicións posteriores deste prolífico autor que temos no noso centro, as primeiras impresións calderonianas que chegaron até nós.

Edicións tan importantes, como por exemplo:

*Parte Segunda de comedias*. Madrid: Por María de Quiñones, 1637

*Parte Tercera de Comedias*. Madrid: Por Domingo García Morras, 1664

*Parte Cuarta de Comedias nuevas*. Madrid: Joseph[sic] Fernández de Buendía, 1672

*Parte Quinta de Comedias*. Barcelona: Por

Antonio la Cavallería, 1677

*Parte Sexta de Comedias*. Madrid: Por Francisco Sanz, 1683

*Parte Séptima de Comedias*. Madrid: Por Francisco Sanz, 1683

*Parte Octava de Comedias*. Madrid: Por Francisco Sanz, 1684

*Parte Novena de Comedias*. Madrid: Por Francisco Sanz, 1691

*Autos Sacramentales, alegóricos e historiales*. Madrid: Imprenta Imperial, Por Joseph[sic] Fernández de Buendía, 1677.

Edicións príncipes moi difíciles de atopar, algunhas destas edicións conservan só os preliminares orixinais e o resto están reconstruídas con "comedias soltas". A casuística dos exemplares que chegaron até os nosos días é realmente moi variada e longa de aclarar en pouco espazo.

Para rematar direi que houbo épocas en que eran máis dados a gardar estes obxectos de devoción popular.

Por exemplo, no Museo do Teatro de Almagro, consérvase, coma reliquia a gorxa do tenor navarro Julián Gayarre, ou o corazón do tenor italiano Giuseppe Anselmi, expostos nunha vitrina con algunha outra reliquia de persoeiros teatrais.